

# Consolidación do nexo entre a Economía dos coidados e a Economía social

Estudo diagnóstico sobre Casas  
do Maior, Casas niño e vivendas  
colaborativas sénior

# ÍNDICE

<b>1. Introducción</b>	1
<b>2. Metodoloxía</b>	2
<b>3. Análise de resultados</b>	6
<b>3.1. Oportunidades na Economía dos coidados</b>	6
3.1.1. Potencialidades nos equipamentos para a atención á infancia e persoas maiores	6
3.1.2. Potencialidades no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia	9
3.1.3. A Estratexia Estatal de Desinstitucionalización (2024-2030)	12
<b>3.2. Análise da situación das Casas niño</b>	14
3.2.1. Descrición do recurso	14
3.2.2. Diagnose	16
3.2.3. Oportunidades de negocio identificadas	23
<b>3.3. Análise da situación das Casas do maior</b>	23
3.3.1. Descrición do recurso	23
3.3.2. Diagnose	26
3.3.3. Oportunidades de negocio identificadas	32
<b>3.4. Análise da situación das vivendas colaborativas sénior</b>	33
3.4.1. Descrición do recurso	33
3.4.2. Diagnose	35
3.4.3. Oportunidades de negocio identificadas	41
<b>4. Conclusións e propostas de actuación</b>	42
<b>5. DAFO</b>	45
<b>6. Bibliografía</b>	46
<b>7. Anexos</b>	49
<b>7.1. Anexo 1.</b> Enquisas das demandas e propostas das persoas promotoras de Casas niño e Casas do maior	49
<b>7.2. Anexo 2.</b> Información relativa ás Casas niño (Recursos elaborados pola Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación da Xunta de Galicia)	69
<b>7.3. Anexo 3.</b> Proposta para o proceso organizativo: análise de distintas estruturas cooperativas e proposta de gobernanza (Análise realizada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop)	71

## ÍNDICE DE TÁBOAS

<b>Táboa-resumo 1.</b> Perfil das persoas informantes participantes nas entrevistas.....	3
<b>Táboa-resumo 2.</b> Perfil sociodemográfico das persoas enquisadas de Casas niño e Casas do maior.....	4
<b>Táboa-resumo 3.</b> Nº de persoas participantes segundo o ámbito de pertenza.....	5
<b>Táboa-resumo 4.</b> Marco normativo no que se contextualizan as Casas niño .....	14
<b>Táboa-resumo 5.</b> Características das Casas niño.....	16
<b>Táboa-resumo 6.</b> Servizos demandados relacionados coas Casas Niño .....	23
<b>Táboa-resumo 7.</b> Marco normativo no que se contextualizan as Casas do Maior .....	24
<b>Táboa-resumo 8.</b> Características das Casas do maior .....	25
<b>Táboa-resumo 9.</b> Servizos demandados relacionados coas Casas do maior .....	33
<b>Táboa-resumo 10.</b> Marco normativo das vivendas colaborativas sénior .....	34
<b>Táboa-resumo 11.</b> Características das vivendas colaborativas sénior .....	35
<b>Táboa-resumo 12.</b> Servizos potencialmente demandados por vivendas colaborativas sénior.....	41

## 1. Introducción

A realidade galega amosa unha crecente demanda social de coidados. Unha situación que é froito do envellecemento poboacional e o aumento da esperanza de vida, a incorporación da muller ao mercado laboral, así como do desequilibrio territorial entre a oferta e a demanda de servizos de coidados. Ao mesmo tempo, obsérvase unha tendencia á diminución do papel da Administracións pública na xestión da provisión de benestar en favor da xestión privada e a obtención destes servizos no mercado.

Tendo en conta os seus principios e valores, o cooperativismo e a Economía social preséntanse como ferramentas acaídas para dar resposta a esta demanda. Os coidados constitúen un factor fundamental para asegurar o benestar social da cidadanía e contan cun gran potencial para a creación de emprego de calidade, entre outros elementos. Neste sentido, dende o ano 2021, a Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco da programación da Rede Eusumo e cofinanciada pola Xunta de Galicia e a Unión Europea a través da convocatoria ES-Factory Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, ven explorando as potencialidades e oportunidades da Economía dos coidados para o cooperativismo e a Economía social, así como incentivando a creación de grupos promotores e a xeración de ideas.

A investigación que aquí se presenta responde á necesidade de estudar a realidade do sector dos coidados para continuar dinamizando e contribuíndo á presenza da Economía social no mesmo. Así, o obxectivo principal deste estudo é explorar as oportunidades que a Economía dos coidados ten para o cooperativismo e a Economía social, poñendo o foco nas Casas niño, as Casas do maior e as vivendas colaborativas sénior, servizos emerxentes con gran potencialidade. Para facelo establecéronse como obxectivos específicos: a) detectar as dificultades, puntos débiles e problemas aos que se enfrontan este tipo de entidades; b) identificar as fortalezas destes recursos e as oportunidades que poden xerar para o cooperativismo e a Economía social; e c) expoñer posibilidades de mellora e propostas.

No seguinte apartado preséntase a metodoloxía empregada no estudo. Seguidamente recóllense os resultados do mesmo diferenciando a identificación de oportunidades de negocio na Economía dos coidados e a análise da situación das Casas niño, as Casas do maior e as vivendas colaborativas para persoas maiores. O documento remata cunhas consideracións finais e unha análise DAFO da situación do nexo entre a Economía social e a Economía dos coidados.

## 2. Metodoloxía

Para a realización deste estudo diagnóstico acudiuse a unha metodoloxía mixta, empregando diferentes técnicas de investigación. O traballo de campo desenvolveuse en 4 fases entre os meses de setembro e outubro de 2024.

A primeira fase consistiu nunha explotación de diversas fontes secundarias de información, a partir da cal, estableceuse o contexto no que se enmarcan as Casas niño, as Casas do maior e as vivendas colaborativas sénior. Para facelo, levouse a cabo unha revisión bibliográfica da literatura científica dispoñible, noticias de prensa e da normativa vixente. Ao mesmo tempo, esta busca apoiouse nunha explotación de datos estatísticos aportados pola Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación, a Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores e o Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (de aquí en adiante RUEPSS).

Para sintetizar e identificar temas de interese, na segunda fase do traballo de campo, realizamos 6 entrevistas semi-estruturadas a informantes clave, nas que participaron 8 persoas informantes (Táboa-resumo 1). O obxectivo destas entrevistas foi coñecer a experiencia e o punto de vista de persoas promotoras de Casas niño, Casas do maior e vivendas colaborativas sénior, así como de persoas expertas do eido da Universidade e a Administración pública. Debido ás limitacións temporais para realizar a investigación –e coa intención de favorecer a participación ao máximo posible–, decidiuse realizar as entrevistas de forma telemática (a través da plataforma *Teams*) e mediante chamadas telefónicas. As entrevistas foron gravadas en audio, previo consentimento informado das persoas participantes.

**Táboa-resumo 1.** Perfil das persoas informantes participantes nas entrevistas.

<b>ENTREVISTAS</b>	
<b>Código</b>	<b>Tipo de informante</b>
E1	Promotora de Casa niño
E2	Promotora de Casa niño
E3	Promotora de Casa do maior
E4	Promotor de vivenda colaborativa sénior
E5	Promotor de vivenda colaborativa sénior
E6	Experta do ámbito académico
E7	Experta da Administración pública
E8	Experta da Administración pública

A terceira fase consistiu no lanzamento de dúas enquisas online dirixidas a persoas promotoras de Casas niño e Casas do maior, cuxo deseño realizouse en base á información recollida previamente. Nestas enquisas participaron un total de 54 persoas. Na Táboa-resumo 2 recóllense os datos estatísticos que compoñen o perfil sociodemográfico das participantes atendendo ao xénero, a idade, o nivel de estudos e a fórmula elixida para poñer en marcha os seus proxecto. Debido ao baixo número de proxectos de vivenda colaborativa sénior non se considerou apropiado a realización dunha enquisa para este colectivo.

**Táboa-resumo 2.** Perfil sociodemográfico das persoas enquisadas de Casas niño e Casas do maior.

CASAS DO MAIOR			CASAS NIÑO		
Xénero	N	%	Xénero	N	%
Homes	1	4,8%	Homes	-	-
Mulleres	18	85,7%	Mulleres	33	100%
Persoas non binarias	-	-	Persoas non binarias	-	-
NS/NC	2	9,5%	NS/NC	-	-

Idade	N	%	Idade	N	%
De 18 a 34 anos	5	23,8%	De 18 a 34 anos	14	42,4%
De 35 a 54 anos	11	52,4%	De 35 a 54 anos	18	54,5%
De 55 a 64 anos	5	23,8%	De 55 a 64 anos	1	3,0%

Emprendemento	N	%	Emprendemento	N	%
Autónomo	16	76,2%	Autónomo	32	97,0%
Cooperativa	5	23,8%	Cooperativa	1	3,0%

Nivel de estudos	N	%	Nivel de estudos	N	%
Educación Primaria	-	-	Educación Primaria	-	-
Educación Secundaria	3	14,3%	Educación Secundaria	-	-
FP Grao Medio	8	38,1%	FP Grao Medio	-	-
FP Grao Superior	3	14,3%	FP Grao Superior	16	48,5%
Grao/Licenciatura	6	28,6%	Grao/Licenciatura	13	39,4%
Máster/Posgrao	1	4,8%	Máster/Posgrao	4	12,1%
Doutorado	-	-	Doutorado	-	-

O traballo de campo finalizou cun encontro virtual realizado a través da plataforma *Zoom* que tivo unha duración aproximada de 3 horas. Este encontro estivo dirixido a profesionais do sector dos coidados, servindo como ferramenta de devolución e validación dos resultados obtidos. Ademais permitiu a priorización das demandas e propostas detectadas ao longo do estudo. No encontro participaron un total de 14 persoas de diversas entidades vencelladas ao eido da Economía Social, a Universidade, Fundacións e promotoras de Casas niño e Casas do maior (Táboa-resumo 3).

**Táboa-resumo 3.** Nº de persoas participantes segundo o ámbito de pertenza.

Ámbito	N
Economía Social	5
Promotoras de Casas do maior	5
Promotoras de Casas niño	2
Fundacións	1
Universidade	1

Cómpre destacar que a realización desta investigación desenvolveuse afrontando varios retos. Un deles, o máis importante, foi o tempo de execución do proxecto que provocou a realización do estudo en apenas dous meses. A isto, engadíuselle a dificultade para atopar persoas informantes e, en particular, a dificultade de conseguir a participación de perfís políticos, cuxas aportacións poderían ser de gran interese para o estudo. Por outra banda, o baixo número de proxectos cooperativos de vivendas colaborativas sénior en Galicia e o nivel de desenvolvemento dos proxectos existentes –que se atopan nunha fase inicial–, constituíron unha limitación para o estudo deste tipo de recursos e a súa relación cos coidados.



### **3. Análise de resultados.**

#### **3.1. Oportunidades na Economía dos cuidados**

Resulta complexo definir a “economía dos cuidados”, pois é un concepto en permanente discusión e existen multitude de definicións. Con todo, nesta investigación entenderase a Economía dos cuidados nun sentido amplo, como un eido que comprende tódalas actividades e prácticas necesarias para a supervivencia cotiá das persoas, tal e como a define Rodríguez Enríquez (2015). Así, a Economía dos cuidados incluíría o autocoidado, o cuidado directo doutras persoas, a provisión das precondicións necesarias para o cuidado (a limpeza da casa, a compra ou a preparación de alimentos) e a xestión do cuidado (a coordinación de horarios, traslados a centros educativos e a outras institucións, a supervisión do traballo de cuidadoras remuneradas, etc.).

Neste estudo imos analizar a situación das Casas niño, as Casas do maior e as vivendas colaborativas para persoas maiores, pensando na súa potencialidade para articular proxectos cooperativos. Non obstante, cómpre explorar outras oportunidades de negocio posibles na Economía dos cuidados. Neste sentido, aínda que o traballo de cuidados pode atender as necesidades de múltiples colectivos (nenas e nenos, persoas maiores, persoas con algunha enfermidade ou discapacidade, etc.), aquí só serán abordadas as oportunidades de negocio nos ámbitos do cuidado á infancia e ás persoas maiores. Nos seguintes apartados recóllense diferentes recursos e programas para a atención á infancia e ás persoas maiores con potencial para o desenvolvemento dunha idea de negocio e o crecemento de proxectos cooperativos xa en marcha.

##### **3.1.1. Potencialidades nos equipamentos para a atención á infancia e persoas maiores**

A Xunta de Galicia non conta cun catálogo de servizos sociais, polo que para identificar os tipos de recursos de cuidado existentes, recorreuse á normativa que regula e reconece os diferentes equipamentos destinados á provisión de cuidados á infancia e ás persoas maiores. Para explorar, de forma aproximativa, a presenza de cooperativas na xestión destes recursos acudiuse ao RUEPSS, rexistro no que están inscritas as entidades titulares ou xestoras de centros ou programas de Servizos Sociais e no que se

recolle información pormenorizada dos servizos e características de cada unha das entidades.

En relación ao coidado de nenas e nenos, o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, regula os centros de atención á infancia recoñecendo recursos como as escolas infantís 0-3 anos e os espazos infantís:

- **Escolas infantís 0-3:** as escolas infantís son equipamentos diúrnos de carácter educativo e asistencial, dirixidos ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que teñen por obxecto o desenvolvemento integral das nenas e nenos, realizando ademais unha labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilitan o acceso dos padres ao mundo laboral.

No RUEPSS, rexístranse ata 15 cooperativas de traballo asociado que xestionan unha escola infantil, prestando servizos subvencionados ao 100% pola Xunta de Galicia. Nos últimos anos, algúns medios de comunicación fixéronse eco da falta de prazas dispoñibles nas escolas infantís e o crecemento das listas de espera dende que se implantou a gratuidade do servizo nalgúns puntos do territorio, particularmente en zonas urbanas (Pérez Pena, 2023).

- **Espazos infantís:** son establecementos que prestan un servizo diúrno non continuado a nenas e nenos de 2 a 8 anos, cunha estancia inferior a 15 horas semanais. Teñen unha finalidade asistencial e caracterízanse pola flexibilidade na programación das súas actividades, horarios e organización, de acordo coas necesidades das nenas e nenos e das súas familias. Neste caso, non se identificaron cooperativas de traballo rexistradas no RUEPSS como espazos infantís.
- **Ludotecas:** son espazos lúdicos e educativos dirixidos por unha ou un profesional ludotecario. Teñen como fin a educación no tempo libre e o desenvolvemento integral das nenas e nenos a través do xogo e os xoguetes. Coma no caso dos espazos infantís, non se identificaron cooperativas de traballo rexistradas no RUEPSS como ludotecas.

Por outra banda, a Xunta de Galicia puxo en marcha medidas como o Bono Concilia Familia –axudas directas para a contratación de servizos de atención á infancia–, que

poden supoñer un aliciente para desenvolver un proxecto cooperativo ou ampliar os servizos de cooperativas en marcha. En particular, o Bono Concilia Familia supón unha axuda directa que contribúe a financiar servizos de conciliación contratados polas familias con nenas e nenos de ata 13 anos durante as vacacións escolares ou ante necesidades puntuais. Cobre ata o 75% do custe da contratación dunha persoa coidadora a domicilio, campamentos, ludotecas ou outros servizos autorizados.

A Orde do 18 de abril de 1996 recolle os equipamentos para a atención ás persoas maiores. A Orde do 10 de outubro de 2022 permitiu a incorporación das vivendas colaborativas para persoas maiores a esta lista de servizos recoñecidos pola Xunta de Galicia como centros de atención a persoas maiores:

- **Residencias para persoas maiores:** as residencias son centros destinados á vivenda permanente e común nos que se presta unha asistencia integral e continuada ás persoas maiores e que contan con 13 ou máis prazas. Actualmente non hai ningunha residencia xestionada por unha cooperativa de traballo asociado autorizada no RUEPSS.
- **Centros de día:** os centros de día son equipamentos destinados á atención diúrna de persoas maiores dependentes con perda da súa autonomía física ou psíquica, que residindo nos seus propios fogares, precisen dunha serie de cuidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.  
Como exemplo de centros de día promovidos por unha cooperativa de traballo asociado, atopamos o centro de día Diante Mos –en Mos, Pontevedra– e Xente vital –en Ourense–, con 5 e 6 profesionais de diferentes perfís, respectivamente. Estes centros contan, entre outros servizos, con fisioterapia, terapia ocupacional, podoloxía, estimulación cognitiva, asistencia nas AVDs<sup>1</sup>, acompañamento a consultas médicas, ximnasia, atención social, actividades socioculturais e de ocio, etc.
- **Vivendas comunitarias:** as vivendas comunitarias son equipamentos destinados a albergar en réxime de convivencia cuasi-familiar a un número máximo de 12 persoas maiores, preferentemente con un alto grao de autonomía.

---

<sup>1</sup> As actividades da vida diaria (AVDs) son o conxunto de actividades dedicadas ao coidado de si mesmo/a e o automantemento, como pode ser comer, vestirse, asearse, a limpeza do fogar, a lavandaría, etc.

As vivendas comunitarias Entremolieiros –en As Somozas, A Coruña– e o Fogar de Antioquía –en Xinzo de Limia, Ourense–, son dous exemplos de vivendas comunitarias promovidas por unha cooperativa de traballo asociado. Contan con 8 e 6 persoas traballadoras de diferentes perfís profesionais, respectivamente, e ofrecen asistencia ás AVDs, atención de necesidades domésticas, lavandaría, asesoramento legal ou acompañamento a consultas médicas; así como estadias temporais ou de fin de semana.

- **Fogares residenciais:** os fogares residenciais son equipamentos residenciais cun máximo de 24 pazas que proporcionan –con carácter permanente– unha atención integral nun ambiente personalizado ás persoas maiores que no momento do seu ingreso presentan unha situación de dependencia leve ou moderada.

O fogar residencial Casa de maiores Penarrubia –localizada en Orbazai, unha parroquia rural do municipio de Lugo– é o único recurso deste tipo rexistrado no RUEPSS que pertenza a unha cooperativa de traballo asociado. O fogar ofrece todo tipo de servizos: asistencia ás AVDs, atención xeriátrica, fisioterapia, masaxes terapéuticos e rehabilitación menor; enfermaría, actividades de ocio, socioculturais e de ximnasia, etc. Actualmente conta con 12 persoas traballadoras de distinto perfil profesional.

### 3.1.2. Potencialidades no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia

No eido dos coidados a persoas en situación de dependencia, destaca a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, a coñecida como Lei de Dependencia (de aquí en adiante LAPAD). Esta lei constituíu o xurdimento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (de aquí en adiante SAAD) que contempla un catálogo de prestacións económicas e de servizos aos que poden acceder as persoas cun grao de dependencia recoñecido. Entre as prestacións económicas contéplanse 3 tipos: a) Prestacións Económicas para Coidados no Entorno Familiar (de aquí en adiante PECEF); b) Prestacións Económicas de Asistencia Persoal (de aquí en adiante PEAP); e c) Prestacións Económicas Vinculadas ao Servizo (de aquí en adiante PEVS). Neste sentido, as PEVS constitúen un potencial mecanismo de financiamento de servizos que

poden ser ofrecidos por entidades da Economía social, sempre e cando cumpran cos criterios de acreditación necesarios para proveelos.

Os servizos recollidos no catálogo que se poden prestar son os seguintes:

- O **servizo de teleasistencia** que provee de asistencia mediante o uso de tecnoloxías da comunicación e da información, co apoio dos medios persoais necesarios, en resposta inmediata ante situacións de emerxencia, ou de inseguridade, soidade e illamento.
- O **servizo de axuda a domicilio** constituído polas actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria e que son prestadas por entidades ou empresas acreditadas para esta función. Pode incluír servizos relacionados cos cuidados persoais, na realización de actividades da vida diaria; e servizos relacionados coa atención das necesidades do fogar (limpeza, lavandería, cociña, etc.).

Un exemplo de cooperativa que presta servizos de axuda a domicilio é Fonsasis, unha cooperativa da Fonsagrada que leva en activo dende o ano 2001 e que conta con 5 socias traballadoras. Segunda a súa memoria anual do ano 2023, e entidade prestou o servizo de “Axuda no fogar” do Concello da Fonsagrada, dando servizo a persoas usuarias a través da LAPAD e por libre concorrencia. Ao mesmo tempo, prestan o servizo de axuda a domicilio a particulares e servizos de limpeza.

- O **servizo de Centro de Día ou de Noite.**
- O **servizo de atención residencial.**

Con todo, tendo en conta que a maioría das persoas maiores queren permanecer no seu fogar o maior tempo posible (Martínez-Buján et al., 2022), os servizos de cuidado a domicilio preséntanse como unha gran oportunidade para desenvolver proxectos cooperativos. A Enquisa EDAD 2020 (elaborada polo Instituto Nacional de Estatística) sinala que unha de cada tres persoas en situación de dependencia en España conta cunha traballadora de cuidados contratada no seu fogar (Rodríguez-Cabrero e Marbán, 2022). Neste sentido, nos últimos anos en Cataluña, e en particular na comarca de Barcelona, produciuse un impulso na creación de cooperativas sen ánimo de lucro dedicadas á provisión de cuidados no fogar co triplo obxectivo de mellorar as condicións

laborais (salarios, xornadas laborais, descansos e vacacións), profesionalizar o sector e aumentar os estándares de calidade dos coidados prestados (Martínez-Buján et al., 2024). A creación de novas cooperativas foi promovido polas políticas municipais, mediante o apoio técnico aos grupos promotores e as subvencións públicas, especialmente a través da oficina municipal Barcelona Activa. Se ben as entidades creadas son de diverso tipo, polo xeral prestan servizos como os seguintes:

- **Coidados persoais:** axuda para realizar accións relacionadas coa hixiene persoal, o vestido, a alimentación, a mobilidade, control da medicación, etc.
- **Coidados do fogar:** limpeza do fogar, facer a compra, cociñar, etc.
- **Acompañamento:** a visitas médicas, compra ou outras xestións.
- **Formación:** atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, técnicas de limpeza, técnicas de atención ao cliente, etc.

Non obstante, no estudo realizado por Martínez-Bujan et al. (2024) identificouse que estas cooperativas se enfrontan a tres inconvenientes relacionados: a) a estabilidade económica; b) o tempo empregado para a configuración e o mantemento das entidades; e c) a competencia con servizos mercantís máis económicos e flexibles. Neste sentido, unha das persoas expertas entrevistadas para este estudo sinala que o apoio por parte da Administración pública é fundamental para garantir a supervivencia e sustentabilidade dos proxectos cooperativos que prestan servizos de coidados.

Por unha banda, é necesario brindar apoio económico. Especialmente no momento de deseño do modelo de negocio e constitución da cooperativa e, despois, para asegurar unha sustentabilidade económica. Pero estas medidas deben ir acompañadas dunha política congruente en materia de política social. A Administración Pública tamén debe promover e aumentar a presenza das entidades da Economía social como entidades acreditadas prestadoras de servizos sociais mediante o establecemento de cláusulas que privilexien estas fórmulas empresariais fronte ás empresas enmarcadas na Economía mercantil.

*Muchas [cooperativas] desaparecen porque no pueden mantenerse o porque desaparecen las personas socias, porque los usuarios se mueren y necesitan tener a nuevos clientes y a veces no es tan fácil hacer esa captación... Y por otra parte, de poco sirve (...) estar dando estas ayudas y este apoyo económico para*

*montar cooperativas cuando [la Administración Pública] en el fondo está financiando a empresas privadas que son las que dan el soporte de cuidados, las grandes multinacionales. Si (...) el servicio de ayuda a domicilio municipal, por ejemplo, lo delegas a empresas privadas, como CLECE, o otras multinacionales, no tiene mucho sentido que intentes crear cooperativas (...) entonces, o regulas la política a escala nacional y a escala regional –intentando que sean los proveedores de la Ley de dependencia estas cooperativas– o si no, llegas a una paradoja.*

[E6, experta do ámbito académico]

### 3.1.3. A Estratexia Estatal de Desinstitucionalización (2024-2030)

Actualmente estanse a producir cambios no modelo de cuidados e apoios que poden constituír unha oportunidade para as cooperativas e entidades da Economía social. A Estratexia Estatal de Desinstitucionalización para os anos 2024-2030 (Ministerio DSCA, 2024) é a materialización dalgúns destes cambios, especialmente dirixidos ao cuidado e apoio de persoas en situación de sinhogarismo, nenas, nenos e mocidade no sistema de protección, persoas con discapacidade e persoas maiores.

A Estratexia busca previr a institucionalización das persoas e transformar os contextos, centros e servizos de cuidados e apoio, para asegurar a súa organización e funcionamento de acordo a un enfoque de dereitos, abandonando os elementos que compoñen a cultura institucional asistencialista. A visión deste novo modelo de cuidados aséntase sobre dos piares: a) un enfoque centrado nas persoas, asegurando que os cuidados e apoios se centren na vontade e preferencias das persoas; e b) un enfoque comunitario, que permita as persoas elixir onde, como e con quen vivir, en igualdade de condicións e sen verse obrigadas a vivir baixo un sistema específico. Ademais, a Estratexia tamén quere contribuír a mellorar as condicións de vida das persoas que coidan, proporcionando os apoios necesarios ás e os profesionais que atenden nos domicilios e na comunidade, así como en institucións.

Para facelo, propóñense 5 eixos de actuación con diferentes obxectivos específicos e medidas:

- **Eixo 1. Prevención das dinámicas de institucionalización:** orientado a satisfacer as necesidades que permitan as persoas continuar vivindo na súa contorna (a vivenda, a accesibilidade, a saúde, etc.) e desenvolver servizos de apoio e mecanismos de detección de riscos.
- **Eixo 2. Participación das persoas e concienciación social:** busca que nos procesos de deseño e organización dos apoios e coidados se respecte a vontade das persoas, as súas preferencias e liberdade de elección.
- **Eixo 3. Transformación do modelo de coidados e apoio:** ten como obxectivo impulsar o modelo de atención centrado na persoa e a vida independente na comunidade. Para facelo, entre outros aspectos, considerase fundamental a formación ás e os profesionais e a mellora das condicións laborais para garantir traballos dignos. Neste sentido, considérase necesario “fomentar a conformación de cooperativas de Economía social dos coidados” (p. 34).
- **Eixo 4. Desenvolvemento de servizos para a transición cara a vida na comunidade:** neste eixo traballarase no impulso de novos servizos e apoios de base comunitaria e no reforzo dos xa existentes. Ademais, no eido da vivenda, considérase relevante explorar alternativas que favorezan o acceso á mesma, como pode ser o desenvolvemento de cooperativas de vivenda en cesión de uso (p.39).
- **Eixo 5. Condicións habilitadoras para a desinstitucionalización:** por último, tratarase de revisar e desenvolver unha normativa que facilite a vida na comunidade e o proceso de desinstitucionalización, dispoñer de fondos para facer realidade este cambio de modelo –redirixindo os investimentos a diferentes niveis–; e garantir a participación de tódolos actores involucrados (entidades do terceiro sector e da Economía social, empresas, sindicatos, patronal, etc.)

A posta en marcha desta estratexia, que conta cunha dotación orzamentaria inicial de 1.300 millóns de euros (IMSERSO, 2024), levarase a cabo mediante 3 plans operativos a desenvolver entre 2024 e 2030.



## 3.2. Análise da situación das Casas niño

### 3.2.1. Descrición do recurso

As Casas niño constitúen un modelo gratuíto de atención á infancia que a Xunta de Galicia promove dende o ano 2013. O modelo xorde co obxectivo de ofrecer unha atención integral e personalizada a grupos reducidos de nenas e nenos de entre 3 meses e 3 anos de idade en concellos rurais que, debido á escaseza de poboación, non permiten a viabilidade dos recursos tradicionais de atención á infancia –como son as escolas infantís–.

O proxecto “Casas niño” enmárcase nas políticas de apoio á familia e á infancia e de conciliación da vida familiar impulsadas dende a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Ademais, sitúase entre unha das súas principais iniciativas para reter e atraer poboación moza ao rural galego, fomentando a revitalización demográfica, o reequilibrio e a cohesión territorial (Ferreiro-Núñez e Caride-Gómez, 2024).

**Táboa-resumo 4.** Marco normativo no que se contextualizan as Casas niño.

#### Marco normativo – Casas niño

- **Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais**, expón no seu artigo 3 os obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais, entre os cales está a promoción da igualdade de oportunidades e recursos entre homes e mulleres que posibiliten a conciliación a nivel persoal, familiar e laboral, amais de garantir o apoio ás familias.
- **Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia en Galicia**, dentro do artigo 6 establece como principios de responsabilidade pública atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade.
- **Lei 2/2015 do 12 de febreiro**, en materia de igualdade no artigo 1.3.d expón que as institucións públicas galegas deben de protexer a maternidade e dar axuda directa a tódalas cargas e coidados que xorden da maternidade como o embarazo, o parto, a crianza e a socialización das crianzas porque son aspectos que poden construír discriminación gravosa cara a muller.
- **Programa de Apoio á Natalidade (2015)** a través do cal o goberno autonómico procurar dar unha resposta global ás necesidades das nais e dos pais de forma que se garanta o benestar das familias e apóieselles dun modo integral e continuo.
- **Lei 5/2021 do 2 de febreiro do impulso demográfico**, no seu artigo 45 argumenta que as institucións públicas deben de promover a conciliación persoal, familiar e laboral tanto no ámbito doméstico como laboral, e que o coidado das crianzas dependestes é un dereito e a súa vez unha responsabilidade para tódolos poderes públicos e a sociedade. E no artigo 85.3, establece que a Consellería que teña entre as súas competencias a materia de política social, deberá de dotar de recursos a aqueles municipios que teñan unha poboación menor a 5.000 habitantes, para a atención das crianzas menores de 3 anos e das persoas en situación de dependencia a través do impulso de iniciativas que presten este tipo de servizo.

As Casas están xestionadas por profesionais autónomas ou socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado, podendo localizarse en concellos de menos de 5.000 habitantes que non conten con outros recursos de atención continuada á infancia de 0 a 3 anos de idade. Segundo a última convocatoria (2024-2027)<sup>2</sup>, para poñer unha Casa en marcha, as persoas promotoras reciben unha contía inicial de ata 15.000 euros, á que logo se suma unha axuda anual para o sustento da actividade de 24.800 euros.

Para o deseño do modelo das Casas niño, a Xunta de Galicia toma como referencia iniciativas inspiradas en figuras como a *assistante maternelle* francesa ou *childminder* do Reino Unido, que atenden, habitualmente no seu propio domicilio, a grupos reducidos de nenas e nenos. En particular, o proxecto baséase na modalidade de Madre de día, un servizo de atención á primeira infancia prestado por unha educadora profesional na súa propia vivenda ou na das nenas e/ou nenos, co obxectivo de reproducir un ambiente familiar (Ferreiro-Núñez e Caride-Gómez, 2024). Orixinalmente, o proxecto tamén buscaba fomentar a co-crianza, de forma que as mulleres promotoras criaran as súas fillas ou fillos ao tempo que coidan de outros.

Sen embargo, segundo estudaron Ferreiro-Núñez e Caride-Gómez (2024), a realidade é que a maioría das persoas promotoras de Casas niño poñen en marcha o proxecto porque lles gusta traballar coa infancia, teñen formación específica e queren emprender. Ademais, o número de persoas que cría as súas fillas ou fillos na Casa é minoritario, así como o número de Casas niños localizadas nunha vivenda particular.

As Casas niño contan cun máximo de 5 prazas dirixidas a nenas e nenos de entre 3 meses e 3 anos de idade. Neste sentido, as nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo tamén poden integrarse na Casa, contabilizando como dous prazas e permitindo soamente a inscrición dunha ou dun neno con este tipo de necesidades por Casa. Os servizos ofrecidos comprenden a atención específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso –de acordo á súa idade– e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social.

---

<sup>2</sup> ORDE do 26 de abril de 2024 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de Casas niño durante os anos 2024, 2025, 2026 e 2027.

**Táboa-resumo 5.** Características das Casas niño.

Características das Casas niño	
<b>Localización</b>	Concellos <5.000 habitantes que non conten con outros recursos de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade (escolas infantís de 0-3 anos e puntos de atención á infancia).
<b>Xestión</b>	Profesionais autónomas ou cooperativas de traballo asociado.
<b>Nº de Casas niño (2024)</b>	106 Casas niño, 2 delas pertencentes a unha cooperativa de traballo asociado (datos facilitados pola Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación).
<b>Dotación orzamentaria por Casa (2024-2027)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contía inicial para gastos de investimento: ata 15.000 €.</li> <li>• Axuda anual para o sustento da actividade: 24.800 €.</li> <li>• Prima en caso de baixa por maternidade/paternidade: 150 €/semana.</li> </ul>
<b>Servizos</b>	Atención diúrna, integral e personalizada que comprende atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo á idade e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social.
<b>Persoas usuarias</b>	Nenas e nenos de entre 3 meses e 3 anos de idade (máximo 5 prazas).
<b>Ratio de persoal</b>	$\frac{1 \text{ persoa traballadora}}{5 \text{ persoas usuarias}}$

### 3.2.2. Diagnose.

Para establecer un diagnóstico da situación das Casas niño, tivéronse en conta as respostas obtidas na consulta online dirixida a persoas promotoras e o discurso das persoas informantes participantes nas entrevistas. En concreto, analizouse a percepción subxectiva das persoas participantes en torno a 7 ámbitos: os requisitos da convocatoria, o financiamento, as condicións sociolaborais, a relación coa Administración pública, a atención á infancia e a relación coas familias, o cooperativismo e a colaboración con outras promotoras e entidades do sector dos coidados.

En relación aos **requisitos da convocatoria** para a posta en marcha das Casas niño, en xeral, as persoas participantes no diagnóstico amosan estar de acordo con eles. Con todo, sinálanse algúns aspectos que, dende o punto de vista das persoas promotoras, poderían ser modificados para mellorar e facilitar a posta en marcha destas Casas.

Entre eles destaca a supresión do requisito de empadramento das promotoras no mesmo municipio no que se localiza a Casa niño, principalmente pola dificultade que pode supoñer atopar unha vivenda no rural.

O **financiamento** é unha das principais dificultades identificadas polas persoas promotoras, e que afecta de forma directa ás súas condicións sociolaborais. A maioría das persoas participantes no estudo consideran que as contías recibidas son insuficientes para asegurar unhas condicións salariais dignas ao tempo que se fai fronte aos distintos custes derivados da actividade da Casa. No caso de solicitar unha baixa laboral, as persoas promotoras están obrigadas a contratar unha persoa substituta, unha situación para a que non está contemplado un apoio económico por parte da administración e que as promotoras teñen que facer fronte diminuíndo o seu propio salario. Por outra banda, as promotoras sinalan que os incumprimentos dos prazos de pagamento da axuda anual e a súa inadecuación aos tempos e necesidades dos seus proxectos, supoñen que algunhas persoas se vexan obrigadas a adiantar diñeiro do seu peto ou solicitar un préstamo bancario para continuar coa actividade da Casa.

*(...) cobramos moi pouco, pois dos 24.000 euros, entre autónomo, aluguer, seguros, luz, auga, materiais, calefacción, etc. queda moi pouco limpo para vivir. Ademais de ter unha situación de baixa, debemos pagar unha persoa substituta co seu seguro e salario sen ter un ingreso extra por parte da xunta, facendo insostible a situación. Tamén atopar substituta é difícil, pois no rural non hai moita xente disposta a cubrirte un par de días cando eventualmente precisas e coa formación indicada.*

[Promotora dunha Casa niño participante na consulta online]

En relación ás **condicións de traballo**, se ben a maioría das persoas promotoras non se senten sobrecargadas de traballo de forma regular, algunhas recoñecen traballar máis alá do seu horario laboral para poder realizar tarefas de limpeza, xestión ou organización da Casa. Ademais, percíbese un sentimento de soidade xeneralizado –de forma particular entre as profesionais autónomas–, que se relaciona con tres elementos: a) o feito de traballar soa na Casa, tendo que dar resposta as situacións e problemas cotiás sen apoio; b) traballar soa nunha contorna rural, en ocasións illada social e territorialmente; e c) a falta de apoio emocional e apoio técnico fóra da Casa.

*Ao estar soa con nenos de distintas idades pode resultar moi complicado dar atendido a todo. E sobre todo se existe algunha casuística de nenos con necesidades específicas de apoio educativo. Iso xunto con bebés (que xa requiren máis atención, para durmir... para todo...), fai a labor moi custosa*

*A soidade no proxecto (...) a complicación de traballar en soidade nun ambiente rural, que no caso de que ocorra unha incidencia a ti ou os usuarios estás lonxe de calquera posible axuda*

*(...) boto de menos ter unha parella educativa na que apoiarte, que che axude en momentos complicados*

[Distintas persoas promotoras de Casas niño participantes na consulta online]

Non obstante, case a totalidade das promotoras participantes no estudo din estar en contacto con outras promotoras. Neste sentido, observouse que este contacto faise especialmente buscando apoio emocional, así como para solicitar e dar consellos sobre a xestión da Casa, compartir recursos, información e materiais; e axudarse a realizar tarefas burocrático-administrativas, por esta orde. Ademais, algunhas promotoras están a colaborar con Casas do maior realizando actividades conxuntas que fomentan a interxeracionalidade.

No que respecta á **relación coa Administración pública**, demándase unha mellora na comunicación, así como maior accesibilidade a información, procedementos e recursos. Ademais, nalgúns casos percíbese falta de apoio, especialmente naquelas Casas onde algunha das nenas ou nenos usuarios teñen algunha discapacidade ou necesidade específica. Neste sentido as promotoras demandan apoio profesional para xestionar estas situacións xunto coas familias.

*Tiven nenos con algunha discapacidade e non resolvían, tíñaste que buscar ti a vida e falar coa familia, que a familia fora ao pediatra, o comentara... (...) e a ver, fácil non é, se para algunhas cousas necesitamos axuda, deberían prestala.*

[E2, promotora de Casa niño]

Con todo, o modelo de atención á infancia que ofrecen as Casas niño é percibido como positivo tanto para a **atención das nenas e nenos** como para a contorna social, polo seu potencial dinamizador. Como elemento positivo das Casas niño, as persoas promotoras subliñan a posibilidade de dar unha atención personalizada, próxima e de calidade grazas á ratio 1/5, que permite a xeración dun ambiente familiar. Por outra banda, sinalan a oportunidade que as Casas supoñen para as nenas e nenos do rural para permanecer na súa contorna, estando en contacto coa natureza e a comunidade.

*[Os aspectos máis positivos das Casas niño son] poder traballar no rural, axudar a que os nenos/as medren en contacto coa natureza e querendo e coidando o noso, axudar a dinamizar a zona, contacto coa veciñanza e intimidade coas familias. O que supón para os nenos/as a crianza entre natureza e a veciñanza é increíble.*

*[Os aspectos máis positivos das Casas niño son] a atención máis individualizada grazas ao ratio 1/5. A mestura de idades, que cada día se me demostrar máis positiva tanto para maiores coma para pequenas. Creación de unha familia de familias, que fan que se xunten dende distintas parroquias e acaben teniendo redes. Menos tensión e ambiente máis familiar, que é o que precisan a estas idades.*

[Distintas promotoras de Casas niño participantes na consulta online]

Diagnose das Casas niño (I)			
Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Requisitos da axuda</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- En xeral, as persoas promotoras están de acordo con eles.</li> <li>- Pódense adxudicar ata 3 Casas niño a unha entidade nunha mesma convocatoria sempre que sexa viable dadas as características demográficas do concello ou concellos onde se queiran localizar e os recursos cos que estes contan para a infancia de 0-3 anos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Restrición de apertura de Casas a <b>concellos &lt; 5.000</b> habitantes.</li> <li>- <b>Empadramento no concello</b> no que se localiza a Casa niño, entre outros aspectos, pola dificultade que pode supoñer atopar unha casa para vivir no rural.</li> <li>- Ter elaborado o <b>proxecto de reforma do inmoble</b> antes de presentar a solicitude polo custe económico que pode supoñer contratar a un profesional da arquitectura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Permitir a apertura de Casas en <b>concellos de &gt; 5.000 habitantes.</b></li> <li>- <b>Suprimir o requisito de empadramento</b> no mesmo concello no que se atopa a Casa.</li> <li>- Flexibilizar os prazos de elaboración do <b>proxecto de reforma do inmoble.</b></li> <li>- Aumentar a profesionalización mediante a esixencia de estudos vinculados á educación infantil.</li> </ul>
<b>Financiamento</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Compatibilidade con outras axudas (EMEGA, APROL, etc.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Insuficiencia das contías</b> percibidas: a contía inicial para gastos de investimento, a axuda para o sustento da actividade e a prima en caso de baixa por maternidade ou paternidade.</li> <li>- Non existe unha <b>axuda</b> extra para facer fronte á <b>contratación dunha persoa substituta</b> en caso de baixa laboral.</li> <li>- Os <b>prazos de pagamento</b> das contías non se adaptan aos tempos e necesidades das persoas promotoras.</li> <li>- <b>Falta de información e asesoramento</b> en relación ás axudas complementarias que as promotoras poden percibir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Aumento da contía</b> das axudas da convocatoria.</li> <li>- <b>Axuda para a contratación</b> dunha persoas substituta en caso de baixa.</li> <li>- <b>Adaptar os prazos de pagamento</b> aos tempos e necesidades das persoas promotoras e cumprilos.</li> <li>- <b>Aumentar a accesibilidade a información e asesoramento</b> sobre as axudas complementarias que poden percibir.</li> </ul>

Diagnose das Casas niño (II)			
Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Condições sociolaborais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Son unha oportunidade de emprego no rural.</li> <li>- Para algunhas promotoras é unha oportunidade de desenvolver a súa vocación.</li> <li>- Posibilidade de coidar ás propias crianzas na Casa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Insatisfacción coas <b>condicións salariais</b>.</li> <li>- Conciliación dificultada por non contar con suficientes <b>días de asuntos propios</b>.</li> <li>- Sen <b>dereito ao paro</b> no caso das persoas acollidas ao réxime de autónomos.</li> <li>- Dificultades para acceder a <b>formación</b>.</li> <li>- Medo a coller unha baixa pola dificultade de <b>atopar unha persoa substituta</b> e pola carga económica que supón a contratación da mesma.</li> <li>- <b>Sobrecarga de traballo</b>. A xornada laboral esténdese máis aló do horario establecido (8h de atención) debido á necesidade de realizar tarefas de limpeza, mantemento, organización, etc.</li> <li>- <b>Pouca autonomía</b> na toma de decisións e <b>incerteza</b> debido a que a renovación da xestión da casa é decisión da Xunta de Galicia.</li> <li>- <b>Sentimento de soidade</b>, especialmente entre as profesionais autónomas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Mellorar as condicións salariais</b>.</li> <li>- Dispoñer de <b>máis días de asuntos propios</b> para mellorar a conciliación.</li> <li>- Facilitar o acceso a <b>formación</b> para “reciclarse” e ampliar coñecementos sobre a atención á infancia de 0-3 anos.</li> <li>- Crear unha <b>lista de persoas substitutas</b> á que recorrer en caso de baixa.</li> </ul>
<b>Relación coa Administración pública</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Algúns concellos apoian ás promotoras das Casas mediante a cesión de espazos ou o apoio económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A maioría das promotoras <b>non se senten apoiadas</b> polas administracións públicas.</li> <li>- Na Xunta de Galicia, percepción de <b>falta de criterios unificados</b> á hora de dar resposta a algunhas cuestións o que xera inseguridade.</li> <li>- Nalgúns casos, <b>dificultades para acceder a información</b> sobre procedementos, xestións, etc.</li> <li>- Algunhas promotoras senten estar nunha <b>relación de poder</b> na que elas son as máis vulnerables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Aumentar a implicación das entidades locais</b> mediante o apoio económico e a través da cesión de espazos para todas as promotoras que o necesiten.</li> <li>- <b>Establecer criterios comúns</b> de resposta a problemas e casuísticas por parte da Xunta de Galicia.</li> <li>- <b>Aumentar a comunicación coa administración</b> para que se coñeza e se valore o traballo que se fai nas Casas.</li> <li>- <b>Facilitar o acceso a información</b> sobre procedementos, xestións, etc. por parte da Xunta de Galicia.</li> </ul>



Diagnose das Casas niño (III)			
Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Atención á infancia e relación coas familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballar con grupos de 5 ou menos crianzas permite dar unha atención personalizada e de calidade.</li> <li>- Liberdade para desenvolver un proxecto educativo acorde aos seus valores e ideas.</li> <li>- Fai posible que as crianzas se desenvolvan no rural, en contacto coa natureza, a tradición e a veciñanza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Incumprimento dos horarios</b> por parte de algunhas familias.</li> <li>- <b>Dificultades para atender a nenos/os con necesidades específicas</b> ou discapacidades e ás súas familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Sensibilizar ás familias</b> para poñer en valor o traballo de coidados.</li> <li>- <b>Apoio profesional</b> para atender as nenos/os con necesidades específicas e ás súas familias.</li> </ul>
<b>Cooperativismo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Moitas promotoras (autónomas e socias traballadoras de cooperativas) amosan un nivel de afinidade elevado cos principios da Economía social.</li> <li>- Beneficios fiscais.</li> <li>- Beneficios laborais: posibilidade de optar polo réxime de cotización xeral da Seguridade Social.</li> <li>- Compartir gastos e tarefas de xestión.</li> <li>- Traballo en equipo e apoio mutuo entre socias traballadoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Só 2 das 107 Casas niño existentes pertencen a unha cooperativa.</li> <li>- Moitas promotoras autónomas <b>non coñecen os beneficios</b> que pode ter para elas pertencer a unha cooperativa de traballo asociado.</li> <li>- O <b>réxime de mínimis</b> ao que se acolle a convocatoria limita a agrupación de Casas en cooperativa.</li> <li>- Unha cooperativa non pode soste a súa actividade xestionando unha soa Casa e sen ofrecer servizos complementarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Difundir a experiencia das cooperativas</b> que xestionan Casas niño e Casas do maior.</li> </ul>
<b>Colaboración con outras promotoras e entidades do sector dos coidados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Predisposición xeralizada a pertencer a unha entidade que agrupe a persoas promotoras de Casas niño e outros servizos de coidado a través da cal compartir información, apoiarse, prestar servizos conxuntos, etc.</li> <li>- As promotoras están en contacto para:             <ol style="list-style-type: none"> <li>1º.- Apoiarse de maneira emocional.</li> <li>2º.- Compartir consellos sobre a xestión da Casa.</li> <li>3º.- Compartir recursos, información e materiais.</li> <li>4º.- Axudarse na realización de tarefas burocrático-administrativas.</li> </ol> </li> <li>- Existen colaboracións con Casas do maior coas que realizan actividades interxeneracionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Experiencias negativas</b> ao intentar pertencer a unha asociación de Casas niño con anterioridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Crear unha ferramenta de representación e colaboración</b> ou xestión conxunta das Casas niño.</li> </ul>

### 3.2.3. Oportunidades de negocio identificadas.

Só unha das persoas promotoras participantes na consulta online ofrecía servizos complementarios ás prestacións da Casa niño. Tendo en conta que a atención ás nenas e nenos é de 8 horas ao día, a posibilidade de ofrecer máis servizos só é posible en Casas niño promovidas por cooperativas, de forma que as tarefas poidan repartirse entre varias persoas traballadoras. Non obstante, dúas promotoras autónomas sinalaron a súa intención de ofrecer máis servizos no futuro.

Co obxectivo de identificar oportunidades de negocio compatibles coa prestación dos servizos da Casa niño, na consulta online pedíuselles ás persoas enquisadas que sinalasen as necesidades e servizos que demandan as familias usuarias da súa Casa. Neste sentido, detectouse tanto a necesidade de ampliar os servizos xa prestados como a demanda de novas prestacións (Táboa-resumo 6).

**Táboa-resumo 6.** Servizos demandados relacionados coas Casas Niño.

Servizos demandados nas Casas niño
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ampliación do horario e o calendario de atención ata os fines de semana e o verán.</li> </ul>
Outros servizos demandados
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizo de madrugadores.</li> <li>• Servizo de comedor.</li> <li>• Ludoteca.</li> <li>• Obradoiros.</li> <li>• Campamentos.</li> <li>• Servizo de coidado a domicilio.</li> <li>• Apoio educativo.</li> </ul>

## 3.3. Análise da situación das Casas do maior

### 3.3.1. Descrición do recurso

As Casas do maior xorden no ano 2018, co obxectivo de compensar os desequilibrios territoriais e garantir o acceso aos sistemas de benestar social das persoas que residen en áreas con altas taxas de envellecemento e dispersión poboacional. O servizo comprende a atención diúrna específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e tempo libre de persoas maiores con autonomía ou en situación de dependencia moderada. Deste xeito, as Casas do maior preséntanse como un recurso de atención de proximidade, que contribúe á permanencia das persoas maiores na súa

contorna habitual e que trata de evitar ou retrasar o ingreso noutro tipo de recursos cando non sexa demandado pola persoa ou cando non existan preto do seu domicilio habitual.

**Táboa-resumo 7.** Marco normativo no que se contextualizan as Casas do Maior.

Marco normativo das Casas do maior
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia</b>, que regula a forma en que se prestarán os servizos sociais e permítelles ás persoas físicas e xurídicas privadas, sexa de iniciativa social ou de carácter mercantil, a posibilidade de crear centros de servizos sociais, así como de xestionar programas e prestacións desta natureza. No artigo 3 recolle como obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, así como prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección. E no artigo 4, establece que as políticas de servizos sociais deben de dar prioridade as accións de prevención, xa que son unha ferramenta de orientación e prevención que axuda a superar as causas que orixinan as necesidades sociais. Ademais de expoñer a obrigaón que teñen os organismos públicos de dotar as persoas dos medios e recursos necesarios para desenvolver o seus proxectos vitais.</li><li>• <b>Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia</b>, que crea o Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) coa finalidade principal de garantir as condicións básicas e de protección destinadas á promoción da autonomía persoal e á atención das necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria, prestacións dentro do sistema de servizos sociais.</li></ul>

As Casas están xestionadas por profesionais autónomas ou socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado, podendo localizarse en concellos de menos de 5.600 habitantes que non conten con outros recursos de atención diúrna (centros de día ou centros de día para persoas con enfermidade de alzhéimer). Segundo a última convocatoria (2024-2025)<sup>3</sup>, para poñer unha Casa en marcha, as persoas promotoras reciben unha contía inicial de ata 15.000 euros, á que logo se suma unha axuda anual para o sustento da actividade de 24.800 euros. Se a persoa promotora decide ofrecer servizos de desprazamento ata a Casa, pode obter unha axuda adicional de 10 euros por persoa e día.

<sup>3</sup> ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, para os anos 2024 e 2025, e se procede a súa convocatoria.

O servizo está destinado a persoas maiores de 60 anos sen dependencia ou en situación de dependencia recoñecida de grao I. As persoas en situación de dependencia poden acceder ao recurso mediante a subvención do mesmo, se así o recoñece o seu programa individual de atención (de aquí en adiante PIA). Pola súa parte, as persoas que non teñan recoñecida unha situación de dependencia poden facelo a través do sistema de libre concorrència. O límite de persoas usuarias establécese en 5 prazas. Neste sentido, o traballo con grupos reducidos de persoas permite a provisión dun servizo personalizado nun ambiente familiar e flexible, aliñándose cos preceptos do Modelo de Atención Centrada na Persoa (de aquí en adiante MACP).

**Táboa-resumo 8.** Características das Casas do maior.

<b>Características das Casas do maior</b>	
<b>Localización</b>	Concellos de < 5.600 habitantes que non contén con outros recursos de atención diúrna (centros de día e centros de día de Alzheimer)
<b>Xestión</b>	Profesionais autónomas e cooperativas de traballo asociado.
<b>Nº de Casas do maior (2024)</b>	123 Casas do maior en funcionamento, 18 delas pertencentes a unha cooperativa de traballo asociado. En total son 11 as cooperativas que xestionan unha ou máis Casas (datos facilitados pola Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores).
<b>Dotación orzamentaria por Casa (2024-2025)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contía inicial para gastos de investimento: ata 15.000 €</li> <li>• Axuda anual para o sustento da actividade: 24.800 €</li> <li>• Axuda para o servizo de desprazamento: 10 €/persoa e día.</li> <li>• Prima en caso de baixa por maternidade/paternidade: 150 €/semana.</li> </ul>
<b>Persoas usuarias</b>	Persoas maiores de 60 anos sen dependencia ou en situación de dependencia recoñecida de grao I (máximo 5 prazas).
<b>Servizos</b>	Servizo de atención diúrna que comprende a manutención, a hixiene, o desenvolvemento de actividades de lecer e/ou adestramento cognitivo.
<b>Ratio de persoal</b>	$\frac{1 \text{ persoa traballadora}}{5 \text{ persoas usuarias}}$

### 3.3.2. Diagnose

Para establecer un diagnóstico da situación das Casas do maior, tivéronse en conta as respostas obtidas na consulta online dirixida a persoas promotoras e o discurso das persoas informantes participantes nas entrevistas. En concreto, analizouse a percepción subxectiva das persoas participantes en torno a 7 ámbitos: os requisitos da convocatoria, o financiamento, as condicións sociolaborais, a relación coa Administración pública, a atención ás persoas usuarias, o cooperativismo e a colaboración con outras promotoras e entidades do sector dos coidados.

Se ben existen algunhas diferenzas, as promotoras das Casas do maior comparten moitas das necesidades e demandas das promotoras das Casas niño, especialmente no que respecta aos **requisitos da axuda** e o **financiamento**, cuestión sobre a que de novo se sinala a insuficiencia das contías percibidas e a inadecuación dos prazos de pagamento das mesmas.

*(...) percibimos as anualidades dun xeito para min moi pouco cómodo, a maiores dos pagos que se retrasan moitísimo e vémonos obrigados a pasar meses sen cobrar nada.*

*(...) dificultad para el acceso al crédito ya que la Xunta solo anticipa el 80% de la subvención para investimento y desarrollo de la actividad, por lo que hay periodos en los que no se dispone de dinero y hay que adelantarlo.*

[Distintas promotoras de Casas do maior participantes na consulta online]

As demandas relacionadas coas **condicións sociolaborais** das promotoras de Casas do maior tamén son moi similares ás das Casas niño. Polo xeral, as promotoras amósanse insatisfeitas coas súas condicións salariais e teñen medo a coller unha baixa debido ás dificultades que trae consigo atopar unha persoa substituta e ao esforzo económico que supón contratala. Con todo, algunhas promotoras poñen en valor a estabilidade laboral que lles brinda este traballo, a liberdade de empregar un método de traballo propio e as posibilidades de conciliación entre a vida privada e profesional. Ademais, de forma xeral, senten que o seu traballo está recoñecido socialmente.

Non obstante, as condicións de traballo varían segundo o perfil das persoas usuarias da Casa. Os retrasos na valoración da dependencia, a resolución dos PIA e a asignación de recursos ás persoas en situación de dependencia, fan que algunhas persoas usuarias das Casas do maior teñan un grao de dependencia superior ao que teñen recoñecido, precisando maior atención e, nalgúns casos, outro tipo de prestación. Estas situacións supoñen unha carga de traballo excesiva para unha soa traballadora, o que pode repercutir na calidade do servizo prestado ás persoas usuarias.

*No caso de que teñan [as Casas] persoas con unha situación, que normalmente soe ser con algún tipo de demencia, a unha persoa soa lle é moi difícil xestionar iso (...) porque son persoas que requiren dunha atención moi constante, nunca sabes cando pode xurdir unha situación de descontrol (...) a min se me deron varias veces situacións de axitación que eran difíciles de controlar*

[E3, promotora dunha Casa do maior]

*(...) estas usuarias necesitan coidados e atención continua e iso dificulta o traballo xa que requiren todo o meu tempo e atención e ás outras (...) non lles podo dedicar máis tempo. Sumado a que tamén teño que facer comida, limpeza e actividades, teño que darlle de comer a unha usuaria (...) levala ao baño (...) aseala, metela na ducha, etc.*

[Promotora dunha Casa do maior participante na consulta online]

Por outra banda, algunhas promotoras consideran que a restrición normativa da entrada de persoas usuarias cun grado II de dependencia pode deixar fora a persoas para as que a Casa do maior pode resultar un recurso positivo. Sen embargo, as promotoras no teñen poder para decidir a quen poden prestarlle coidados. Neste sentido, demandan maior poder de decisión á hora de aceptar ou rexeitar a entrada de persoas usuarias na Casa –sempre que a promotora conte coa formación necesaria para valorar a situación dunha persoa usuaria–. Ademais, argumentan que o aumento do poder de decisión tamén contribuiría á axilización da asignación de prazas da Casa, un proceso que actualmente pode durar meses.

No que respecta á **relación coa Administración pública**, as promotoras demandan unha mellora na comunicación coa Xunta de Galicia, así como maior apoio á hora de realizar o proceso de solicitude da Casa e maior axilidade na resolución de problemas. En canto á relación cos concellos, preséntase unha situación de gran desigualdade entre promotoras. Se ben algunhas reciben apoios por parte da entidade local na que se

localiza a Casa, mediante a cesión de locais e o apoio económico –co aforro que isto supón para elas–; outras non contan con ningunha destas axudas. Algunhas tampouco contan co seu apoio para atopar persoas usuarias, unha das principais dificultades das Casas do maior.

A dificultade de atopar persoas usuarias e contar co apoio do Concello parece atenuarse no caso das promotoras que pertencen a unha cooperativa, para as que foi máis sinxelo obter este respaldo segundo o seu relato. Por outra banda, as socias traballadoras de cooperativas sinalan que a pesar de ser un traballo solitario –como tamén apuntaban promotoras das Casas niño–, formar parte dunha cooperativa reduce o sentimento de soidade ao saberse arroupadas polas súas compañeiras. Entre outros beneficios do **cooperativismo**, sinálase a posibilidade cotizar polo réxime xeral de traballadores e os beneficios fiscais que esta fórmula pode ter. Con todo, poñendo o foco no potencial crecemento do número de cooperativas neste sector, moitas promotoras autónomas afirman descoñecer a forma na que lles podería beneficiar pertencer a unha cooperativa.

Diagnose das Casas do maior (I)			
Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Requisitos da axuda</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- En xeral, as persoas promotoras están de acordo con eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Restrición de apertura de Casas a <b>concellos &lt; 5.000</b> habitantes e que non conten con <b>centro de día</b>.</li> <li>- <b>Empadramento no concello</b> no que se localiza a Casa niño, entre outros aspectos, pola dificultade que pode supoñer atopar unha casa para vivir no rural.</li> <li>- Ter elaborado o <b>proyecto de reforma do inmoble</b> antes de presentar a solicitude polo custe económico que pode supoñer contratar a un profesional da arquitectura.</li> <li>- Algunhas persoas consideran que a <b>formación ofrecida pola Xunta</b> para as persoas sen titulación relacionada co ámbito non é suficiente para prover un servizo profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Permitir a apertura de Casas en <b>concellos de &gt; 5.000 habitantes</b> e en concellos que teñan <b>centro de día</b>, xa que as Casas poden ser un recurso útil en caso de que estes non teñan prazas dispoñibles.</li> <li>- <b>Suprimir o requisito de empadramento</b> no mesmo concello no que se atopa a Casa.</li> <li>- Flexibilizar os prazos de elaboración do <b>proyecto de reforma do inmoble</b>.</li> <li>- <b>Aumentar a profesionalización</b> mediante a realización de entrevistas de selección ás persoas promotoras antes da adxudicación dunha Casa.</li> </ul>
<b>Financiamento</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Compatibilidade con outras axudas (EMEGA, APROL, etc.)</li> <li>- A maioría das promotoras considera que axuda para o desprazamento das persoas usuarias é suficiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Insuficiencia das contías</b> percibidas: a contía inicial para gastos de investimento, a axuda para o sustento da actividade, a axuda para a manutención das persoas usuarias, así como o complemento en caso de baixa por maternidade ou paternidade.</li> <li>- Non existe unha <b>axuda</b> extra para facer fronte á <b>contratación dunha persoa substituta</b> en caso de baixa laboral.</li> <li>- Os <b>prazos de pagamento</b> das contías non se adaptan aos tempos e necesidades das persoas promotoras.</li> <li>- Confusións coa <b>declaración do IVE</b>: segundo a xestoría coa que traballen declaran ou non o IVE e o fan con distintos tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Aumento da contía</b> das axudas da convocatoria.</li> <li>- <b>Axuda para a contratación</b> dunha persoas substituta en caso de baixa.</li> <li>- <b>Adaptar os prazos de pagamento</b> aos tempos e necesidades das persoas promotoras e cumprilos.</li> <li>- <b>Establecer un criterio común</b> en materia fiscal.</li> </ul>



Diagnose das Casas do maior (II)			
Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Condicións sociolaborais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Son unha oportunidade de emprego no rural.</li> <li>- Para algunhas promotoras é unha oportunidade de desenvolver a súa vocación.</li> <li>- Estabilidade laboral.</li> <li>- A posibilidade de levar a cabo un método de traballo propio.</li> <li>- En xeral, satisfacción coa conciliación entre a vida privada e profesional.</li> <li>- En xeral, senten que o seu traballo está recoñecido socialmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Insatisfacción coas <b>condicións salariais</b>.</li> <li>- Conciliación dificultada por non contar con suficientes <b>días de asuntos propios</b>.</li> <li>- <b>Pouca autonomía</b> na toma de decisións.</li> <li>- Dificultades para acceder a <b>formación</b>.</li> <li>- Medo a coller unha baixa pola dificultade de <b>atopar unha persoa substituta</b> e pola carga económica que supón a contratación da mesma.</li> <li>- <b>Sobrecarga de traballo</b>. A xornada laboral esténdese máis alá do horario de atención establecido (8 h.) debido á necesidade de realizar tarefas de limpeza, mantemento, organización, etc. Sobrecarga que se agudiza cando algunha persoa usuaria presenta unha situación de dependencia elevada.</li> <li>- <b>Sentimento de soidade</b>, especialmente entre as profesionais autónomas que botan en falta apoio técnico e emocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Mellorar as condicións salariais</b>.</li> <li>- Dereito a decidir cando e como desfrutar dos <b>días de vacacións</b> e dispoñer de máis <b>días de asuntos propios</b> para mellorar a conciliación.</li> <li>- Facilitar o acceso a <b>formación</b> no eido da atención e xestión sociosanitaria.</li> <li>- Crear unha <b>lista de persoas substitutas</b> á que recorrer en caso de baixa.</li> <li>- Ter a posibilidade de <b>reservar parte da xornada laboral</b> á realización de tarefas de xestión, limpeza, preparación de actividades, etc. co fin de evitar horas extra non remuneradas.</li> </ul>
<b>Relación coa Administración pública</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Algúns concellos apoian ás promotoras das Casas mediante a cesión de espazos ou o apoio económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Na Xunta de Galicia: percepción de <b>falta de apoio</b> á hora de realizar o proceso de solicitude para a posta en marcha dunha Casa; percepción de <b>falta de criterios unificados</b> á hora de dar resposta a algunhas cuestións o que xera inseguridade; <b>falta de axilidade</b> á hora de solucionar problemas; e, nalgúns casos, <b>dificultades para acceder a información</b> sobre procedementos, xestións, etc.</li> <li>- Falta de apoio por parte dalgúns concellos para <b>conseguir persoas usuarias</b>.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para a Xunta de Galicia: celebrar <b>xuntanzas periódicas</b> para informar da súa situación; <b>establecer criterios comúns</b> de resposta a problemas e casuísticas; realizar <b>formacións</b> para aprender a traballar coa sede electrónica e presentar as memorias anuais; e <b>facilitar o acceso a información</b> sobre procedementos, xestións, etc.</li> <li>- Para as entidades locais: <b>aumentar a súa implicación</b> mediante o <b>apoyo económico</b> e a <b>cesión de espazos</b> para todas as promotoras que o necesiten; así como <b>divulgando información e colaborando</b> para conseguir persoas usuarias.</li> </ul>

### Diagnose das Casas do maior (III)

Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Atención ás persoas usuarias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo permite un trato próximo e personalizado acorde aos preceptos do MACP.</li> <li>- Modelo <i>hogareño</i>.</li> <li>- Permite a permanencia das persoas maiores na súa contorna habitual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Lentitude na asignación de prazas</b> por parte dos Servizos Sociais competentes.</li> <li>- Os <b>retrasos na resolución do PIA</b> e a asignación de prestacións do SAAD fai que algunhas persoas usuarias teñan un grao de dependencia superior ao que teñen recoñecido, precisando maior atención e, nalgúns casos, outro tipo de recurso sociosanitario.</li> <li>- A restrición da entrada de persoas usuarias cun <b>grado II de dependencia</b> pode deixar fora a persoas para as que a Casa do maior pode ser un recurso adecuado.</li> <li>- As persoas promotoras <b>non teñen poder para decidir</b> atender ou non a unha persoa.</li> <li>- <b>Incomprensión</b> por parte dalgunhas persoas maiores con respecto ao tipo de servizos que se prestan na Casa.</li> <li>- <b>Imaxe estereotipada</b> dos recursos para persoas maiores, relacionándoos coa perda de liberdade e autonomía persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Aumentar o poder de decisión</b> das persoas promotoras con respecto á aceptación ou rexeitamento de persoas usuarias para poder axilizar o proceso de asignación de prazas e non deixar fora a potenciais persoas usuarias, sempre e cando a persoa promotora conte coa formación e coñecementos necesarios para valorar a situación.</li> <li>- <b>Divulgar información</b> sobre os servizos prestados na Casa do maior e os seus beneficios apoiándose nas entidades locais para facilitar a captación de persoas usuarias.</li> </ul>
<b>Cooperativismo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Moitas promotoras (autónomas e socias traballadoras de cooperativas) amosan afinidade cos principios da Economía social.</li> <li>- Beneficios fiscais.</li> <li>- Beneficios laborais: posibilidade de optar polo réxime de cotización xeral da Seguridade Social.</li> <li>- Compartir gastos e tarefas de xestión.</li> <li>- Subvencións ao cooperativismo.</li> <li>- Maior acceso a formación.</li> <li>- Traballo en equipo e apoio mutuo entre socias traballadoras.</li> <li>- Aínda que a persoa promotora traballe soa nunha Casa, contar con socias reduce o sentimento de soidade.</li> <li>- As Casas que contan co respaldo dunha cooperativa teñen máis facilidades para conseguir o apoio do Concello e captar persoas usuarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Moitas promotoras autónomas <b>non coñecen os beneficios</b> que pode ter para elas pertencer a unha cooperativa de traballo asociado.</li> <li>- O <b>réxime de <i>mínimis</i></b> ao que se acolle a convocatoria limita a agrupación de Casas en cooperativa.</li> <li>- Unha cooperativa non pode soste a súa actividade xestionando unha soa Casa e sen ofrecer servizos complementarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Difundir a experiencia das cooperativas</b> que xestionan Casas niño e Casas do maior.</li> </ul>

Diagnose das Casas do maior (IV)			
Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Colaboración con outras promotoras e entidades do sector dos coidados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Predisposición xeralizada a pertencer a unha entidade que agrupe a persoas promotoras de Casas niño e outros servizos de coidado a través da cal compartir información, apoiarse, prestar servizos conxuntos, etc.</li> <li>- As promotoras están en contacto para:               <ol style="list-style-type: none"> <li>1º. Compartir consellos sobre a xestión da Casa.</li> <li>2º.- Axudarse na realización de tarefas burocrático-administrativas.</li> <li>3º. Apoiarse emocionalmente.</li> <li>4º. Compartir recursos, información e materiais.</li> </ol> </li> <li>- Existen colaboracións con Casas niño coas que realizan actividades interxeneracionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Dificultades para a construción de relacións persoais de confianza</b> debido a que o contacto entre persoas promotoras soe ser mediante aplicacións de mensaxería instantánea.</li> </ul>	-

### 3.3.3. Oportunidades de negocio identificadas.

Coma no caso das Casas niño, só unha das persoas promotoras participantes na consulta online ofrecía servizos complementarios ás prestacións da Casa do maior. De novo, a conciliación e o feito de non ter compañeiras ou compañeiros de traballo para repartir as tarefas fai que para as persoas autónomas sexa moi difícil ofrecer máis servizos. Con todo, 4 promotoras sinalaron a súa intención de ofrecer máis servizos, dous delas profesionais autónomas.

Co obxectivo de identificar oportunidades de negocio compatibles coa prestación dos servizos da Casa do maior, na consulta online pedíuselles ás persoas enquisadas que sinalasen as necesidades e servizos que demandan as persoas usuarias da súa Casa. Así, detectouse tanto a necesidade de ampliar os servizos xa prestados como a demanda de novas prestacións (Táboa-resumo 9). Neste sentido, cómpre ter en conta que moitas persoas rexeitan pagar por este tipo de servizos, como apuntaba unha das promotoras participantes na consulta online.

**Táboa-resumo 9.** Servizos demandados relacionados coas Casas do maior.

Servizos demandados nas Casas do maior
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ampliación do horario e servizo de manutención á hora da cea.</li> </ul>
Outros servizos demandados
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizo de axuda a domicilio.</li> <li>• Realización de tarefas do fogar.</li> <li>• Servizos de podoloxía.</li> <li>• Actividades para a promoción do envellecemento activo e saudable, entre elas, actividades de xerontoximnasia e actividades interxeracionais.</li> </ul>

### 3.4. Análise da situación das vivendas colaborativas sénior

#### 3.4.1. Descrición do recurso

As vivendas colaborativas teñen a súa orixe nos Países Nórdicos, concretamente en Suecia e Dinamarca, onde se levan creando proxectos de co-vivenda dende a década de 1930. É a partir dos anos 80 cando comezan a proliferar os *cohousing* sénior, como unha alternativa ás residencias para persoas maiores, que naquel momento non gozaban dunha boa imaxe social (Tortosa e Sundström, 2022).

En España, a aparición deste tipo de recursos é máis tardía. Segundo Hispacoop, a primeira vivenda colaborativa para persoas maiores inaugurouse no ano 2001. Estímase que en 2015 había rexistradas 7 comunidades para persoas maiores. Sen embargo, a partir do ano 2020, estase a experimentar un gran crecemento de iniciativas, chegando a rexistrarse 20 en diferentes etapas de construción e implementación.

A literatura especializada (Cal, 2024) sinala que as persoas maiores que acceden a este tipo de recursos soen ser persoas cunha boa posición social e económica, que xa teñen unha vivenda en propiedade e que, con frecuencia, contan cun nivel educativo elevado. As motivacións máis comúns para formar parte dunha vivenda colaborativa baséanse na idea de evitar a perda de axencia na vellez. Por unha banda, apélase ao desexo de autoxestionar de forma colectiva este momento vital e, por outra, búscase evitar a institucionalización nunha residencia xeriátrica, centros percibidos como espazos nos que se perde a privacidade e a capacidade de decisión.

A recente emerxencia destes recursos e a presión dos seus grupos promotores para facilitar a provisión de coidados nas vivendas, provocou que algunhas comunidades

autónomas, entre elas Galicia, recoñeceran as vivendas colaborativas para persoas maiores como centros de servizos sociais. Despois de Asturias (2019), Navarra (2020) e a Comunidade de Madrid (2022), no ano 2022 o goberno galego aprobou unha normativa que define e regula as condicións materiais, arquitectónicas e de persoal nas que se teñen que desenvolver estes recursos, considerándoos unha nova tipoloxía de centros de atención a persoas maiores.

**Táboa-resumo 10.** Marco normativo das vivendas colaborativas sénior.

Marco normativo – Vivendas colaborativas sénior
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Estatuto de autonomía de Galicia</b>, no seu artigo 27.23, asigna á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.</li><li>• <b>Lei 13/2008, de 3 de decembro</b>, de servizos sociais de Galicia, contempla, no seu artigo 3 como obxectivos do Sistema galego de servizos sociais garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, así como prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección.</li><li>• <b>Orde do 18 de abril de 1996</b>, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.</li><li>• <b>Orde do 10 de outubro de 2022</b>, pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.</li></ul>

Así, a Xunta de Galicia, na Orde do 10 de outubro de 2022, define as vivendas colaborativas como:

*(...) unha modalidade residencial organizada en espazos de uso privativo e zonas comunitarias coa finalidade de desenvolver unha convivencia entre as persoas que deciden vivir xuntas nun mesmo lugar aos efectos de promoción da súa autonomía e a atención ante situacións de dependencia, baseándose nos principios de colaboración, autoxestión e axuda mutua, e nunhas condicións de igualdade e non discriminación.*

A normativa establece un máximo de 150 persoas residentes de 55 ou máis anos de idade. Con todo, establece algunha excepción. Poderán residir no recurso persoas menores de 55 anos sempre que residan con unha persoa de máis idade e de forma que a porcentaxe de persoas menores de 55 anos non supere o 50% do número total de residentes. Ademais, a regulación galega presenta un modelo de prestación de servizos de coidados baseado en dous sistemas de apoios posibles. Por unha banda, permite a recepción individualizada de servizos, mediante as prestacións ou servizos que lles

correspondan ás persoas en situación de dependencia daquelas recollidas no SAAD. E por outra, a prestación de coidados a través de profesionais vinculados á vivenda. Se o número de persoas en situación de dependencia recoñecida de grao II ou grao III supera o 25% do número total de residentes, a modalidade de atención terá que ser prestada obrigatoriamente por profesionais vinculados ao centro. Neste caso, se lles requirirá a mesma ratio de persoal de atención directa que a esixida para as residencias de maiores.

**Táboa-resumo 11.** Características das vivendas colaborativas sénior.

<b>Características das vivendas colaborativas sénior</b>	
<b>Xestión</b>	Autoxestión cunha persoa responsable (residente ou externa á vivenda).
<b>Nº de vivendas colaborativas sénior</b>	Contabilizáronse 2 cooperativas (non existen rexistros fiables, só estimacións).
<b>Persoas usuarias</b>	Persoas de 55 anos ou máis (con algunhas excepcións), cun máximo de 150 prazas.
<b>Servizos</b>	Recoñece dous sistemas de apoios: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mediante as prestacións ou servizos que lles correspondan ás persoas en situación de dependencia das recollidas no SAAD.</li> <li>• A través de profesionais vinculados ao centro.</li> </ul>
<b>Ratio de persoal</b>	$\geq 25\%$ de persoas en situación de dependencia grao II e grao III: $\frac{0,20 \text{ persoal de atención directa}}{1 \text{ residente en módulos para persoas con autonomía}}$ $\frac{0,35 \text{ persoal de atención directa}}{1 \text{ residente en módulos para persoas en situación de dependencia}}$

### 3.4.2. Diagnose

Para establecer un diagnóstico da situación das vivendas colaborativas sénior, tívose en conta o discurso das persoas informantes participantes nas entrevistas. En concreto, analizouse a percepción subxectiva das persoas participantes en torno a 6 ámbitos: a captación de persoas socias, o apoio e asesoramento recibido, o financiamento, a lexislación, os coidados e o empoderamento das persoas maiores e a colaboración con outras entidades da Economía social.

Como xa se mencionou, a partir do ano 2020, o número de proxectos de vivenda colaborativa sénior creceu exponencialmente en España. Porén, en Galicia apenas

existen iniciativas deste tipo e as que están en marcha teñen dificultades para **captar socios**, un aspecto fundamental para facer realidade o proxecto. Neste sentido, as persoas promotoras entrevistadas sinalan varios elementos que para eles explicarían esta problemática: a) a cultura da competitividade e os valores individualistas estendidos na sociedade, que dificultan atopar persoas que compartan os valores cooperativos e a filosofía do proxecto; b) a negación do propio envellecemento, que leva ás persoas a non pensar en como queren vivir a súa vellez ou como queren ser coidadas e, polo tanto, a non planificar esta etapa vital; c) a falta de compromiso, especialmente no momento de investir o capital necesario e d) o descoñecemento sobre as vivendas colaborativas.

*Hay gente que lo que dice es, “mira, todo esto está muy bien, hacedlo y luego si me gusta lo compro”*

[E4, promotor dunha vivenda colaborativa sénior]

As dificultades para captar socios, sumadas as desavinzas que poden xurdir no equipo promotor –especialmente cando hai opinións diverxentes–, fai que o proceso de deseño e posta en marcha dos proxectos se alongue durante moitos anos, un problema que pode xerar frustración nas persoas promotoras (Tortosa e Sundström, 2022).

Para facilitar a captación de socios e facer realidade estas iniciativas, as persoas promotoras pensan que é necesario sensibilizar á sociedade sobre a cooperación, o cooperativismo e, en particular, dar a coñecer as vivendas colaborativas sénior. Para facelo, pídese un maior **apoyo e compromiso por parte da Administración pública**, que na actualidade consideran insuficiente. Ademais, propónse a creación de recursos ou oficinas de asesoramento específico para grupos promotores de vivenda colaborativa para persoas maiores, como xa comeza a facerse noutras comunidades autónomas como na Comunidade de Madrid (Diario de Madrid, 2022).

Tamén demandan un maior apoio económico para o **financiamento** dos proxectos. Se ben o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 contempla o apoio ás vivendas colaborativas –materializado en Galicia no Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas interxeracionais e modelos similares–, a axuda é considerada insuficiente por estar restrinxida á construción da vivenda e limitar

o perfil de persoa beneficiaria a aquelas persoas arrendatarias e cesionarias cuxa unidade de convivencia non supere cinco veces o IPREM. Esta falta de apoios económicos pode restrinxir o acceso a persoas con rendas máis baixas, converténdose en iniciativas reservadas a persoas de clase alta ou acomodada.

*Aquí por exemplo, se nos han acercado personas que tienen rentas básicas, rentas de 700 euros, y ya nosotros les decimos que con esa renta en nuestro modelo no puede ser, porque es un modelo que no cuenta con apoyo económico de la Administración (...) [el Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, de vivendas interxeracionais e modelos similares] para la construcción viene muy bien, pero para vivir luego en el cohousing hay que pagar (...) una lavandería, servicios sanitarios, un servicio de cocina (...) entonces claro con rentas de 700-800 euros al mes, no es muy fácil llevar el proyecto adelante.*

[E4, promotor dunha vivenda colaborativa sénior]

En relación á **lexislación**, a Orde do 10 de outubro de 2022, que reconece as vivendas colaborativas como centros de atención ás persoas maiores, considérase un avance normativo positivo de cara á facilitación da posta en marcha das vivendas colaborativas sénior. Non obstante, na Orde identifícanse algunhas debilidades. Unha delas é a definición que fai das vivendas colaborativas. Esta non establece criterios como a ausencia de lucro, de propiedade única ou non división horizontal, nin de participación democrática (Toledo García, s.f., p. 14), o que pode facilitar a degradación do modelo, deixando a porta aberta a entidades con intereses especulativos na proxección deste tipo de vivendas.

Por outro lado, a normativa galega non inclúe as vivendas colaborativas para persoas maiores no catálogo de servizos de atención á dependencia do SAAD, unha demanda estendida a nivel estatal (Cal, 2024; Martí, 2021). A introdución deste recurso no catálogo –como fai a normativa asturiana (Herrera, 2021)– posibilitaría a xestión colectivizada das prestacións de dependencia dos residentes que as precisen (Comunidades de cuidados, 2024) e a obtención de PEVS coas que sufragar os gastos da vivenda. Ademais do recoñecemento das vivendas no SAAD, algunhas voces tamén piden a adaptación dos criterios a formas de convivencia que non estean centradas en familiares coidadores nun fogar nuclear, permitindo que os residentes poidan solicitar PECEF (Cal, 2024).



Como sucede coa maioría de grupos promotores de vivendas colaborativas para persoas maiores (Cal, 2024), as persoas promotoras entrevistadas tamén consideran fundamental o mantemento da capacidade de decisión durante a vellez e ante unha situación de dependencia. Neste sentido, subliñan a necesidade de preservar a dignidade das persoas, apelando a uns coidados acordes aos preceptos do MACP –que respecten a autonomía e axencia das persoas–, e nos que non teñan cabida as actitudes idadistas –como o *elderspeak*<sup>4</sup>–, que infantilizan ás persoas maiores.

*Y lo más importante de todo ello es la dignidad, la dignidad de las personas (...) hay que respetar su dignidad, no las puedes mover como si fueran muñecos de aquí para allá, de allá para aquí en sillas de ruedas... tratar a la gente con ese “cariñito, hola qué tal como estás hoy” (...) no se puede infantilizar a la gente mayor, no se puede hacer eso, hay que respetarlas (...)*

[E4, promotor dunha vivenda colaborativa sénior]

---

<sup>4</sup> Segundo a revista dixital GeriatricArea (2016) o *elderspeak* “caracterízase por utilizar a simplificación, a superficialidade nas conversas, un tono emocional degradante, o uso de estratexias de aclaración (por exemplo, coidando a articulación silábica en exceso) e nalgúns casos, controlando ou desaprobando as mensaxes que emite a persoa maior mediante comunicación verbal ou xestual, como se a persoa estivese aprendendo a falar ou fora un neno”.

<b>Diagnose das vivendas colaborativas sénior (I)</b>			
<b>Temas</b>	<b>Aspectos positivos</b>	<b>Aspectos negativos</b>	<b>Propostas</b>
<b>Captación de persoas socias</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os procesos de posta en marcha das vivendas poden alongarse durante <b>moitos anos</b>, feito que pode acabar xerando situacións de frustración.</li> <li>- Dificultades para <b>captar socios</b>, especialmente homes.</li> <li>- Desavinzas que retrasan os acordos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sensibilizar á sociedade sobre a cooperación, o cooperativismo e o <i>cohousing</i> dende distintos eidos (a Administración pública, as asociacións, etc.)</li> <li>- Poñer en contacto a grupos promotores de forma que poidan unir forzas e crear un proxecto conxunto.</li> </ul>
<b>Apoios e asesoramento</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoio por parte de entidades como a Rede Eusumo, EspazoCoop, Hispacoop e o proxecto MOVICOMA da UOC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Percepción de falta de apoio e compromiso</b> por parte da Administración pública.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crear oficinas de información ao <i>cohousing</i>.</li> <li>- Dende as administracións públicas, axudar á captación de persoas socias divulgando información sobre os proxectos de vivenda colaborativa.</li> </ul>
<b>Financiamento</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programa de fomento de aloxamentos temporais, de modelos <i>cohousing</i>, de vivendas interxeneracionais e modalidades similares, do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.</li> <li>- A mutualización dos gastos da vida cotiá supón un aforro en comparación cos gastos nun fogar non cooperativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O <b>prezo do solo</b> é moi elevado.</li> <li>- <b>Falta de apoio económico</b> por parte das administracións públicas.</li> <li>- O Programa da Xunta de Galicia financia a construción das vivendas e está restrinxido a persoas arrendatarias e cesionarias cuxa unidade de convivencia non supere cinco veces o IPREM.</li> <li>- As persoas con <b>rendas máis baixas non poden acceder</b> a este tipo de proxectos.</li> <li>- <b>Non existen bonificacións fiscais.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aumentar o apoio económico por parte das administracións públicas</li> <li>- Fomentar a cesión de solo público para a construción de vivendas colaborativas.</li> <li>- Promover bonificacións fiscais no IVE ou o ICIO.</li> </ul>

## Diagnose das vivendas colaborativas sénior (II)

Temas	Aspectos positivos	Aspectos negativos	Propostas
<b>Lexislación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A aprobación da orde do 10 de outubro de 2022 da Xunta de Galicia é un avance significativo na promoción das vivendas colaborativas para persoas maiores en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A orde do 10 de outubro de 2022 <b>non define</b> de forma clara que se entende por “vivenda colaborativa” o que pode propiciar a degradación do modelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definir a vivenda colaborativa de forma que non deixe espazo a intereses especulativos.</li> <li>- Contemplar as vivendas colaborativas para persoas maiores no catálogo de servizos do SAAD, de forma que sexa posible colectivizar prestacións.</li> </ul>
<b>Coidados e empoderamento das persoas maiores</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proxecto fomenta o empoderamento das persoas maiores e o envellecemento activo e saudable.</li> <li>- As vivendas colaborativas posibilitan a convivencia e cooperación entre persoas maiores con autonomía e persoas en situación de dependencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Moitas persoas maiores non pensan en como queren vivir a súa vellez e <b>non planifican</b> como queren ser coidados.</li> <li>- <b>O idadismo en recursos sociosanitarios</b>, en particular prácticas como o <i>elderspeak</i> que infantiliza ás persoas maiores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Sensibilizar</b> sobre o idadismo e o <i>elderspeak</i> a persoas maiores e persoas coidadoras.</li> </ul>
<b>Colaboración con entidades da ES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- No caso de externalizar servizos, existe unha preferencia pola contratación de servizos provistos por entidades da Economía social coas que comparten principios e valores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Pouca oferta</b> de servizos de coidados na Economía Social e Solidaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Aumentar a oferta</b> de servizos de coidados na Economía Social e Solidaria</li> </ul>

### 3.4.3. Oportunidades de negocio identificadas.

As entrevistas realizadas e a consulta de páxinas web de diferentes proxectos de vivenda colaborativa para persoas maiores amosan que estes proxectos van demandar multitude de servizos (Táboa-resumo 12). Este aspecto cobra maior importancia tendo en conta que, en caso de externalizar servizos, as persoas promotoras entrevistadas sinalan que preferirían traballar con entidades pertencentes á Economía social, acordes aos seus principios e valores.

**Táboa-resumo 12.** Servizos potencialmente demandados por vivendas colaborativas sénior.

Tipo de servizos	Servizos
Alimentación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aproveccionamento e distribución de alimentos.</li> </ul>
Atención domiciliaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizos de atención persoal.</li> <li>• Servizos de mantemento, limpeza e lavandería.</li> </ul>
Educación e ocio	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de ocio e tempo libre.</li> <li>• Actividades culturais e artísticas.</li> </ul>
Sanitario	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizos médicos.</li> <li>• Enfermaría.</li> <li>• Seguros privados.</li> </ul>
Sociosanitario	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Centro de día.</li> <li>• Actividades psicoterapéuticas para favorecer o envellecemento activo e saudable.</li> </ul>
Outros	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguros de decesos.</li> <li>• Servizos de asesoramento e apoio ás persoas na toma de decisións (ex. morte digna)</li> </ul>

## 4. Conclusións e propostas de actuación

O obxectivo principal deste estudo foi explorar as oportunidades que a Economía dos Coidados ten para o cooperativismo e a Economía social, poñendo o foco nas Casas niño, as Casas do maior e as vivendas colaborativas sénior, recursos nos que o cooperativismo conta xa cunha gran potencialidade. Para facelo establecéronse como obxectivos específicos: a) detectar as dificultades, puntos débiles e problemas aos que se enfrontan este tipo de entidades; b) identificar as fortalezas destes recursos e as oportunidades que poden xerar para o cooperativismo e a Economía social; e c) expoñer posibilidades de mellora e propostas.

No caso das vivendas colaborativas para persoas maiores, observouse un panorama marcado polas dificultades para poñer en marcha os proxectos. Os principais problemas están relacionados coa captación de persoas socias e a falta de apoio por parte da Administración pública en termos técnicos e económicos. Estas dificultades fan que os grupos promotores representados neste estudo vexan retrasados os seus proxectos, atopándose nunha fase moi inicial. Aínda que as súas vivendas non están en marcha, na súa planificación amosaron unha preferencia pola contratación de servizos de coidados a entidades pertencen á Economía social, entidades coas que comparten principios e valores.

O diagnóstico da situación das Casas niño e as Casas do maior amosou uns resultados moi semellantes entre si. As principais dificultades identificadas polas persoas promotoras participantes no estudo –e consideradas prioritarias polas participantes no encontro participativo– foron: o financiamento, as condicións sociolaborais e a relación coa Administración pública. O financiamento de ambos recursos é considerada insuficiente, un aspecto que afecta negativamente ás condicións salariais das persoas promotoras. A precarización das condicións de traballo identifícase tamén na falta de días de asuntos propios, a carga de traballo, as dificultades económicas e organizativas que poden implicar unha baixa, a falta de oportunidades de formación ou a soidade sentida polas promotoras. No que respecta á relación coa Administración pública, entre outras cuestións, subliñouse a necesidade de aumentar e mellorar a comunicación coa

Xunta de Galicia e alentar o apoio das entidades locais para asegurar a provisión de coidados de calidade e favorecer a sustentabilidade dos proxectos.

En relación ás fortalezas dos recursos sobresaen aquelas relacionadas co modelo de atención ás persoas. Tanto nas Casas niño como nas Casas do maior, o traballo con grupos reducidos posibilita a prestación dunha atención personalizada e próxima na contorna das persoas usuarias. Neste sentido, no caso da atención ás persoas maiores, o modelo das Casas do maior alíñase cos preceptos que na actualidade caracterizan uns coidados de calidade e que se materializan na nova Estratexia Estatal de Desinstitucionalización baseada nun enfoque comunitario e centrado nas persoas.

No eido do cooperativismo, as promotoras pertencentes a cooperativas de traballo asociado puxeron en valor as fortalezas que para elas ten o traballo en cooperativa á hora de poñer en marcha estes proxectos. Algunhas das máis significativas son o apoio emocional entre socias –que contribúe a diminuír o sentimento de soidade aínda que se traballe soa–; a posibilidade de compartir gastos e tarefas de xestión –que pode aliviar a carga de traballo e a presión económica–; e a posibilidade de acollerse ao réxime xeral de cotización, cos beneficios que este reporta fronte ao réxime de autónomos. No caso das Casas do maior, algunha promotora considera que o respaldo da cooperativa facilitoulle a obtención de apoio por parte do Concello –mediante a cesión do local–, e a captación de persoas usuarias, unha dificultade xeneralizada entre as promotoras de Casas do maior.

As fortalezas do cooperativismo preséntanse como solución a moitas das problemáticas e dificultades sinaladas por parte das promotoras autónomas. Sen embargo, as condicións das axudas para a posta en marcha de Casas niño e Casas do maior non favorecen a creación de cooperativas. O réxime de *mínimis* polo que se rexen estas convocatorias é un dos principais elementos que limita a creación e crecemento de cooperativas de traballo asociado. Neste sentido, a creación dunha estrutura asociativa/cooperativa na que tivesen cabida diferentes tipos de Casas niño e Casas do maior –xa sexan cooperativas de traballo asociado ou profesionais autónomas– podería constituír unha oportunidade alternativa. Esta entidade podería dar resposta a dificultades como a carga de traballo –colectivizando tarefas de xestión e organización–

e o sentimento de soidade –promovendo o encontro e o apoio entre promotoras–; e a propostas como a creación dunha ferramenta de representación conxunta realizada por promotoras de diferentes Casas.

A estrutura podería, ademais, contar con outras entidades prestadoras de coidados á infancia e persoas maiores –reforzándoa en termos organizativos e económicos– e, tamén, dar cabida ás propias persoas usuarias. Neste sentido, a preferencia pola externalización de servizos a entidades da Economía social por parte das persoas promotoras de vivendas colaborativas para persoas maiores, abre a porta á súa participación nesta organización. Unha unión que, en liña cos principios da vivenda colaborativa, posibilitaría a participación directa e igualitaria das persoas usuarias dos servizos na toma de decisións que afectan ao seus coidados.

Non obstante, para continuar potenciando a presenza da Economía social na Economía dos coidados é preciso contar co apoio da Administración pública a nivel institucional, técnico e económico para asegurar a viabilidade e sustentabilidade dos proxectos cooperativos neste sector. Uns proxectos que xa demostraron ser capaces de prover servizos de coidados de calidade e favorecer, non só o benestar social das persoas usuarias, senón tamén o das persoas traballadoras.

## 5. DAFO

- Precísase financiamento e apoio por parte das administracións públicas.
- Os proxectos cooperativos requiren un gran compromiso e recursos para poñelos en marcha: formación e asesoramento (tempo de traballo non remunerado) e o desenvolvemento de habilidades que permitan traballar en equipo e resolver conflitos, etc.
- No eido das vivendas colaborativas: dificultade para captar socios e a necesidade de realizar un gran investimento para desenvolver o proxecto sen apoio por parte da Administración pública.

D

- Falta de cultura cooperativa na sociedade.
- Insuficiencia do financiamento e do apoio prestado dende a Administración pública a distintos niveis.
- No caso das Casas niño e Casas do maior: pouca autonomía á hora de tomar decisións e requisitos que limitan a posta en marcha de Casas como o de empadroamento ou o nº de habitantes do concello.
- O réxime de *mínimis* non facilita a unión de Casas en cooperativa.
- Moitas promotoras de Casas que son autónomas non saben de que xeito lles podería beneficiar pertencer a unha cooperativa de traballo asociado.
- No eido das vivendas colaborativas: insuficiente apoio económico por parte da Administración pública, indefinición legislativa do recurso, o que pode dar lugar á degradación do modelo coa entrada de entidades promotoras con intereses especulativos; e potenciais dificultades para asumir os coidados dos residentes se non se facilita a súa integración na LAPAD.

A

F

- As cooperativas de traballo asociado posibilitan o apoio mutuo entre traballadoras que comparten os mesmos principios e valores.
- Aínda que se traballe só/soa contar con socias reduce o sentimento de soidade.
- Ser cooperativa permite compartir gastos e tarefas de xestión das Casas niño e do maior, así como nas vivendas colaborativas.
- As persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado contan con beneficios fiscais e laborais.

O

- Moitas promotoras de Casas niño e Casas do maior que son autónomas amosan un nivel de afinidade elevado cos principios da Economía social o que pode facilitar a creación de novas cooperativas.
- A moitas promotoras de Casas niño e Casas do maior gustaríalles pertencer a unha entidade que agrupe a persoas promotoras de Casas de distinto tipo e outros servizos de coidado a través da cal compartir información, apoiarse, prestar servizos conxuntos, etc.
- Apoio económico: axudas ao emprendemento como as axudas APROL ou EMEGA.
- En caso de externalizar servizos, as persoas promotoras de vivendas colaborativas sénior prefiren contratar a outras entidades pertencentes á Economía social.
- A Estratexia estatal de Desinstitucionalización: baseada nun enfoque comunitario e centrado nas persoas, encaixa cos principios e valores da Economía social.



## 6. Bibliografía

- Cal, N.T. (2024). Viviendas colaborativas autogestionadas de personas mayores: motivaciones, desafíos y demandas. *Investigaciones Regionales–Journal of Regional Research*. Recuperado de: <https://investigacionesregionales.org/wp-content/uploads/sites/3/2024/09/102578-Teijeiro-Online.pdf>
- Comunidades de cuidados (4 de xullo de 2024). Cohousing y dependencia: un cambio de mirada. *Comunidades de cuidados*. Recuperado de: <https://comunidadesdecuidados.org/2024/07/04/cohousing-y-dependencia-un-cambio-de-mirada/>
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, da Xunta de Galicia, pola que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. *Diario Oficial de Galicia*, n. 156, do 16 de agosto de 2005.
- Diario de Madrid (27 de setembro de 2022). *Madrid contará con la primera Oficina de Apoyo al Cohousing Sénior a principios de 2023*. Recuperado de: <https://diario.madrid.es/blog/notas-de-prensa/madrid-contara-con-la-primera-oficina-de-apoyo-al-cohousing-senior-a-principios-de-2023/>
- Ferreiro-Núñez, X., & Caride-Gómez, J. A. (2024). Educar y cuidar a la infancia de 0-3 años en la Galicia rural: La experiencia de las “Casas Nido.” *Archivos Analíticos de Políticas Educativas*, 32(16).
- GeriatricArea (maio de 2016). Elderspeak, una microagresión habitual hacia los mayores socialmente aceptada. *GeriatricArea*. Recuperado de: <https://www.geriatricarea.com/2016/05/25/elderspeak-edadismo-microagresiones-habituales-hacia-los-mayores-socialmente-aceptadas/>
- Herrera, P.M.A. (2021). La aplicación de la Ley de Dependencia a los alojamientos colaborativos para la promoción de la autonomía personal y atención a la dependencia. + *Calidad*. Recuperado de: <https://socialasturias.asturias.es/web/revista-calidad/-/la-aplicaci%C3%B3n-de-la-ley-de-dependencia-a-los-alojamientos-colaborativos-para-la-promoci%C3%B3n-de-la-autonom%C3%ADa-personal-y-atenci%C3%B3n-a-la->

[dependencia?redirect=%2Fweb%2Frevista-calidad%2Fexperiencia-de-inter%25C3%25A9s%3Fp\\_p\\_id%3Dcom\\_liferay\\_asset\\_publisher\\_web\\_portlet\\_AssetPublisherPortlet\\_INSTANCE\\_Mg4jqpEKjzVy%26p\\_p\\_lifecycle%3D0%26p\\_p\\_state%3Dnormal%26p\\_p\\_mode%3Dview%26\\_com\\_liferay\\_asset\\_publisher\\_web\\_portlet\\_AssetPublisherPortlet\\_INSTANCE\\_Mg4jqpEKjzVy\\_delta%3D10%26p\\_r\\_p\\_resetCur%3Dfalse%26\\_com\\_liferay\\_asset\\_publisher\\_web\\_portlet\\_AssetPublisherPortlet\\_INSTANCE\\_Mg4jqpEKjzVy\\_cur%3D2](#)

IMSERSO (12 de xuño de 2024). El Consejo de Ministros aprueba la Estrategia estatal «Hacia un nuevo modelo de cuidados en la comunidad: un proceso de desinstitucionalización». Recuperado de: [https://imserso.es/en/detalle-actualidad/-/asset\\_publisher/n1oS8lWfrx6m/content/el-consejo-de-ministros-aprueba-la-estrategia-estatal-hacia-un-nuevo-modelo-de-cuidados-en-la-comunidad-un-proceso-de-desinstitucionalizacion/20123](https://imserso.es/en/detalle-actualidad/-/asset_publisher/n1oS8lWfrx6m/content/el-consejo-de-ministros-aprueba-la-estrategia-estatal-hacia-un-nuevo-modelo-de-cuidados-en-la-comunidad-un-proceso-de-desinstitucionalizacion/20123)

Ley 39/2006, de 14 de diciembre, de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia. *Boletín Oficial del Estado*, n.299, del 15 de diciembre de 2006.

Martí, J. (29 de xuño de 2021). El Cohousing como un servicio de atención a la dependencia. El intento asturiano. *Dependencia.info*. Recuperado de: <https://dependencia.info/noticia/4512/opinion/el-cohousing-como-un-servicio-de-atencion-a-la-dependencia.-el-intento-asturiano.html>

Rodríguez-Cabrero, G. y Marbán, V. (coords.) (2022). Informe de evaluación del Sistema de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las Personas en Situación de Dependencia. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030.

Martínez-Buján, R., Jabbaz, M. & Soronellas, M. (2022). Envejecimiento y organización social del cuidado en España, ¿en qué contexto irrumpe la covid?. En Dolors Comas-d'Argemir y Silvia Bofill-Poch (coord.), *Cuidar a mayores y dependientes en tiempos de la covid-19* (pp. 37-91). Valencia: Tirant Humanidades.

Martínez-Buján, R., Moré, P., & Mejuto, A. E. (2024). Dinámicas mercantiles en la provisión de cuidados en los hogares: agencias de intermediación, plataformas digitales y cooperativas de trabajadoras. *Investigaciones Regionales–Journal of*

- Regional Research.* Recuperado de: <https://recyt.fecyt.es/index.php/IR/article/view/102519>
- Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 (2024). Estrategia estatal para un nuevo modelo de cuidados en la comunidad: Un proceso de desinstitucionalización (2024-2030). Recuperado de: <https://estrategiadesinstitucionalizacion.gob.es/wp-content/uploads/2024/06/Estrategia-para-nuevo-modelo-cuidados-en-la-comunidad.pdf>
- Orde do 10 de outubro de 2022, pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 e pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. *Diario Oficial de Galicia*, n. 201, do 21 de outubro de 2022.
- Orde do 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. *Diario Oficial de Galicia*, n. 88, do 6 de maio de 1996.
- Pérez Pena, M. (25 de marzo de 2023). A gratuidade das escolas infantís dispara a demanda de prazas e enche os centros malia a caída da natalidade. *Praza.gal* Recuperado de: <https://praza.gal/acontece/a-gratuidade-das-escolas-infantis-dispara-a-demanda-de-prazas-e-enche-os-centros-malia-a-caida-da-natalidade>
- Rodríguez Enríquez, C. M. (2015). Economía feminista y economía del cuidado: Aportes conceptuales para el estudio de la desigualdad. *Nueva Sociedad*, 256, 30-44.
- Toledo García, J. (s.f.). *Las viviendas colaborativas en los servicios sociales: comparativa de normativa autonómica*. Comunidades de cuidados. Recuperado de: [https://comunidadesdecuidados.org/wp-content/uploads/2023/12/Informe-comparativo-normativa-autonomica-cohousing\\_JT.pdf](https://comunidadesdecuidados.org/wp-content/uploads/2023/12/Informe-comparativo-normativa-autonomica-cohousing_JT.pdf)
- Tortosa, M.A. & Sundström, G. (2022): El cohousing sénior en España. Cambios desde la economía social en los alojamientos y en la economía de los cuidados para personas mayores. CIRIEC-España, *Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 104, 303-331.

## 7. Anexos

### 7.1. Anexo 1. Enquisas das demandas e propostas das persoas promotoras de Casas niño e Casas do maior

#### Enquisa das demandas e propostas das persoas promotoras de Casas niño

Solicitamos a túa colaboración para coñecer a realidade das cooperativas e persoas autónomas que xestionan unha Casa niño respondendo a esta breve enquisa que non che levará máis de 10 minutos.

O obxectivo principal deste estudo é analizar as necesidades e propostas das persoas que traballan en diferentes entidades e ámbitos do sector dos coidados. O proxecto no que se enmarca o estudo ten como finalidade explorar as oportunidades do cooperativismo na economía dos coidados, un sector fundamental para asegurar o benestar social da cidadanía e que conta cun gran potencial para a creación de emprego de calidade.

Este proxecto está liderado pola Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco da súa programación na Rede Eusumo, cofinanciada pola Xunta de Galicia e das liñas de actuación cofinanciadas pola Unión Europea na convocatoria Interreg España-Portugal.

A enquisa realízaa Atoupa S. Cooperativa Galega Xuvenil. É de carácter anónimo e os datos trataranse conforme ao establecido na lexislación en materia de Protección de Datos. Podes contactarnos no correo: [atoupacoop@gmail.com](mailto:atoupacoop@gmail.com)

---

#### Sección 1

##### Idioma

1. **Selecciona o idioma no que queres responder á enquisa.**  
**Selecciona el idioma en el que quieres responder a la encuesta. \***

Galego.

Castellano.

---

#### Sección 2

2. **Que fórmula elixistes para poñer en marcha a Casa niño? \***

Cooperativa de traballo asociado.

Empresaria/o autónomo.

**3. Cres que che beneficiaría dalgún xeito pertencer a unha cooperativa de traballo asociado? \***

- Si.
- Non.
- Non o sei.

**4. De que forma pensas que te beneficiaría?**

Escriba su respuesta

**5. Por que?**

Escriba su respuesta

**6. Dende o teu punto de vista, que aspectos positivos ten traballar en cooperativa?**

Escriba su respuesta

---

Sección 3

**O proceso de solicitude**

**12. Como foi o proceso de solicitude para poñer en marcha a Casa niño? \***

Indica o grao de dificultade que supuxo este proceso para ti.

Moi difícil

Difícil

Nin fácil nin difícil

Fácil

Moi fácil

Sección 4

**Requisitos e características das Casas niño**

14. **Dende o teu punto de vista, cales son os aspectos máis positivos que teñen as Casas niño?**

Escriba su respuesta

15. **Dende a túa experiencia, cales son as principais dificultades coas que te atopas á hora de prestar os teus servizos na Casa niño?**

Escriba su respuesta

16. **Estás de acordo cos requisitos da convocatoria de axudas para a posta en marcha dunha Casa niño? \***

Indica o teu grao de acordo cos seguintes aspectos.

	Moi en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Moi de acordo
<b>Requisitos da convocatoria en xeral.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Empadramento no concello da Casa niño.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Ter elaborado o proxecto de reforma do inmoble antes de presentar a solicitude.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Solicitar unha Casa niño por convocatoria.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

17. **Cambiarías algún dos requisitos da convocatoria de axudas? \***

- Si.
- Non.

18. **Que requisitos modificarías? Por que? \***

Escriba su respuesta

Sección 5

**Contías da axuda**

**24. Estás de acordo cos seguintes aspectos relativos á contía da axuda? \***

Indica o teu grao de acordo cos seguintes aspectos.

	Moi en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Moi de acordo
<b>A contía inicial recibida para gastos de investimento (15.000 €) é suficiente.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>A axuda recibida para o sustento da actividade de emprendemento (24.800 €) é suficiente para soportar os gastos da Casa niño (materiais, salario, etc.)</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>O complemento da prima en caso de baixa por maternidade ou paternidade (150 €) é suficiente.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Os prazos de ingreso das axudas están adaptadas ás necesidades das persoas promotoras.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

**25. Solicitaches algunha subvención amais da axuda das Casas niño? \***

- Programa APROL economía social.
- Programa EMEGA.
- Programa para a promoción do emprego autónomo e a cota cero.
- Subvención para apoiar iniciativas de emprendemento (investimentos en equipamento informático, activos intanxibles, equipamento e mobiliario, eficiencia enerxética, etc.).
- Non solicitei ningunha axuda.
- Outras

Sección 6

**Condicións sociolaborais**

**28. Estás satisfeita/o coas túas condicións sociolaborais? \***

Indica o teu grao de satisfacción cos seguintes aspectos.

	Moi insatisfeita/o	Insatisfeita/o	Ni satisfeita/o nin insatisfeita/o	Satisfeita/o	Moi satisfeita/o
<b>O salario.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Os dereitos laborais.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>A carga de traballo.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>O recoñecemento social.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>A conciliación da vida privada e profesional.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>O acceso a formación.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

**29. Dende o teu punto de vista, como poderían mellorarse as condicións sociolaborais das persoas promotoras das Casas niño?**

Escriba su respuesta

**30. Con que frecuencia te atopas nalgunha destas circunstancias? \***

	Nunca	Case nunca	Ocasionalmente	Case todos os días	To
<b>Con que frecuencia te sentes sobrecargada/o?</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	
<b>Con que frecuencia necesitas axuda para realizar as xestións da Casa niño?</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	

**31. Estás en contacto con outras persoas promotoras de Casas niño? \***

- Si.
- Non.



32. **Que cuestións adoitades compartir entre vós? \***

- Consellos sobre aspectos relacionados coa xestión e administración da Casa.
- Axuda para realizar tarefas burocrático-administrativas.
- Recursos informativos, formativos, materiais para o proxecto educativo, etc.
- Apoio emocional.
- 

Sección 7

**Relación coa administración pública**

38. **Estás satisfeita/o coa relación coa administración pública? \***

Indica o teu grao de satisfacción cos seguintes aspectos.

	Moi insatisfeita/o	Insatisfeita/o	Ni satisfeita/o nin insatisfeita/o	Satisfeita/o	Moi satisfeita/o
<b>Relación coa Xunta de Galicia.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Relación co Concello no que se localiza a Casa niño.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Acceso a información sobre procedementos, xestións, etc.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

39. **En xeral, sénteste apoiada/o pola administración pública? \***

- Si.
- Non.

40. **Por que?**

41. **En que aspectos podería apoiaros máis a administración pública?**

## Sección 8

### Outros servizos

46. **Ademais da Casa niño, a túa entidade ofrece outros servizos?** (ludoteca, servizo de madrugadores, actividades fóra do horario da casa niño, etc.) \*

Si.

Non.

47. **Que servizos ofrece ademais da Casa niño?** \*

Escriba su respuesta

48. **Hai algún motivo polo que non ofrezas máis servizos? Cal?**

Escriba su respuesta

49. **Estes servizos están dirixidos ao mesmo tipo de persoa usuaria que os da Casa niño?** \*

Si.

Non.

50. **A que tipo de persoa usuaria se dirixen?** \*

Escriba su respuesta

51. **Por que motivos decidiches ofrecer máis servizos ademais da Casa niño?**

Escriba su respuesta

52. **Que servizos e actividades (complementarias á Casa niño) están a demandar as familias?**

Escriba su respuesta

53. **Pensas/pensades ofrecer máis servizos?** \*

Si.

Non.

54. **Cales?**

Escriba su respuesta

---

Sección 9

**Economía social**

64. **Algunha vez colaboraches ou traballaches con outra entidade da zona? \***

- Sí.
- Non.

65. **De que forma? \***

- Colaboramos para ofrecer actividades e/ou servizos xuntas.
- Subcontrateina para a prestación dun servizo da Casa niño.
- Ambas das opcións anteriores.
- Outras

66. **Que servizo/s externalizaches?**

Escriba su respuesta

67. **A Economía Social e Solidaria baséase en principios como a equidade, o traballo, a sustentabilidade ambiental, a cooperación, a non lucratividade e o compromiso coa contorna social e territorial.**

**Atendendo a estes principios, cal dirías que é o teu nivel de afinidade coa filosofía da Economía Social e Solidaria? \***

Indica o teu nivel de afinidade.

Moi baixo

Baixo

Medio

Alto

Moi alto

68. **Para terminar, gustaríache pertencer a unha entidade que agrupe a persoas promotoras de Casas niño e outros servizos de coidado a través da cal compartir información, apoiarse, prestar servizos conxuntos, etc.?**

\*

- Si.
- Non.

---

## Sección 10

### Comentarios e suxerencias

74. **Queres comentarnos algo?**

Escribe aquí as túas observacións, suxerencias ou a mensaxe que nos queiras transmitir:

Escriba su respuesta

---

## Sección 11

### Datos sociodemográficos

76. **Xénero \***

- Muller.
- Home.
- Persoa non binaria.
- Prefiro non responder.

77. **Idade \***

- De 18 a 34 anos.
- De 35 a 54 anos.
- De 55 a 64 anos.
- 65 anos ou máis.

**78. Nivel de estudios. \***

- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.
- Formación Profesional de Grao Medio.
- Formación Profesional de Grao Superior.
- Estudos de Grao/Licenciatura.
- Estudos de Máster/Posgrao.
- Estudos de Doutoramento.

---

**Sección 12**

**Encontró de devolución de resultados**

- 82. O martes 8 de outubro realizaremos un encontro virtual onde se expoñerán os resultados obtidos nesta investigación e que nos gustaría compartir con todas as persoas que participastes neste estudo.**

**Se estás interesada/o en participar neste evento, facilítanos un correo electrónico de contacto para poder enviarche toda a información relativa ao mesmo.**

**ATOUPA S. COOP. GALEGA XUVENIL** infórmate de que os datos recollidos neste formulario unicamente serán utilizados para enviarche información acerca do proxecto: Consolidación do nexo entre a economía dos coidados e a economía social. Ao escribir na casilla, estás a dar o teu lexítimo consentimento para que os teus datos sexan tratados conforme ás finalidades descritas na Lei de Protección de Datos. Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, limitación e supresión en [atoupacoop@gmail.com](mailto:atoupacoop@gmail.com), así como exercer o dereito para presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.

Escriba una dirección de correo electrónico

## Enquisa das demandas e propostas das persoas promotoras de Casas do maior

Solicitamos a túa colaboración para coñecer a realidade das cooperativas e persoas autónomas que xestionan unha Casa do maior respondendo a esta breve enquisa que non che levará máis de 10 minutos.

O obxectivo principal deste estudo é analizar as necesidades e propostas das persoas que traballan en diferentes entidades e ámbitos do sector dos coidados. O proxecto no que se enmarca o estudo ten como finalidade explorar as oportunidades do cooperativismo na economía dos coidados, un sector fundamental para asegurar o benestar social da cidadanía e que conta cun gran potencial para a creación de emprego de calidade.

Este proxecto está liderado pola Unión de Cooperativas EspazoCoop, no marco da súa programación na Rede Eusumo, cofinanciada pola Xunta de Galicia e das liñas de actuación cofinanciadas pola Unión Europea na convocatoria Interreg España-Portugal.

A enquisa realízaa Atoupa S. Cooperativa Galega Xuvenil. É de carácter anónimo e os datos trataranse conforme ao establecido na lexislación en materia de Protección de Datos. Podes contactarnos no correo: [atoupacoop@gmail.com](mailto:atoupacoop@gmail.com)

---

### Sección 1

#### Idioma

**1. Selecciona o idioma no que queres responder á enquisa.**

**Selecciona el idioma en el que quieres responder a la encuesta. \***

- Galego.
- Castellano.

---

### Sección 2

**2. Que fórmula elixistes para poñer en marcha a Casa do maior? \***

- Cooperativa de traballo asociado.
- Empresaria/o autónomo.

**3. Cres que che beneficiaría dalgún xeito pertencer a unha cooperativa de traballo asociado? \***

- Si.
- Non.
- Non o sei.

**4. De que forma pensas que te beneficiaría?**

Escriba su respuesta

**5. Por que?**

Escriba su respuesta

**6. Dende o teu punto de vista, que aspectos positivos ten traballar en cooperativa?**

Escriba su respuesta

---

Sección 3

**O proceso de solicitude**

**12. Como foi o proceso de solicitude para poñer en marcha a Casa do maior? \***

Indica o grao de dificultade que supuxo este proceso para ti.

Moi difícil

Difícil

Nin fácil nin difícil

Fácil

Moi fácil

---

Sección 4

**Requisitos e características das Casas do Maior**

**14. Dende o teu punto de vista, cales son os aspectos máis positivos que teñen as Casas do maior?**

Escriba su respuesta

**15. Dende a túa experiencia, cales son as principais dificultades coas que te atopas á hora de prestar os teus servizos na Casa do maior?**

Escriba su respuesta

**16. Estás de acordo cos requisitos da convocatoria de axudas para a posta en marcha dunha Casa do maior? \***

Indica o teu grao de acordo cos seguintes aspectos.

	Moi en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Moi de acordo
<b>Requisitos da convocatoria en xeral.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Empadroamento no concello da Casa do maior.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Ter elaborado o proxecto de reforma do inmovible antes de presentar a solicitude.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Solicitar unha Casa do maior por convocatoria.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

**17. Cambiarías algún dos requisitos da convocatoria de axudas? \***

- Si.
- Non.

**18. Que requisitos modificarías? Por que? \***

Escriba su respuesta



Sección 5

**Contías da axuda**

**24. Estás de acordo cos seguintes aspectos relativos á contía da axuda? \***

Indica o teu grao de acordo cos seguintes aspectos.

	Moi en desacordo	En desacordo	Nin de acordo nin en desacordo	De acordo	Moi de acordo
<b>A contía inicial recibida para gastos de investimento (15.000 €) é suficiente.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>A axuda recibida para o sustento da actividade de emprendemento (24.800 €) é suficiente para soportar os gastos da Casa do maior (materiais, salario, etc.)</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>O prezo máximo para a mantención (7€) é suficiente para dar un servizo adecuado ás persoas usuarias.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>A axuda para o desprazamento das persoas usuarias (10€) é suficiente.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>O complemento da prima en caso de baixa por maternidade ou paternidade (150 €) é suficiente.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Os prazos de ingreso das axudas están adaptadas ás necesidades das persoas promotoras.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

**25. Solicítaches algunha subvención amais da axuda das Casas do maior? \***

- Programa APROL economía social.
- Programa EMEGA.
- Programa para a promoción do emprego autónomo e a cota cero.
- Subvención para apoiar iniciativas de emprendemento (investimentos en equipamento informático, activos intanxibles, equipamento e mobiliario, eficiencia enerxética, etc.).
- Non solicitei ningunha axuda.
- Outras

Sección 6

**Condicións sociolaborais**

**28. Estás satisfeita/o coas túas condicións sociolaborais? \***

Indica o teu grao de satisfacción cos seguintes aspectos.

	Moi insatisfeita/ o	Insatisfeita/o	Ni satisfeita/o nin insatisfeita/ o	Satisfeita/o	Moi satisfeita/o
<b>O salario.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Os dereitos laborais.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>A carga de traballo.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>O recoñecemento social.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>A conciliación da vida privada e profesional.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>O acceso a formación.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

**29. Dende o teu punto de vista, como poderían mellorarse as condicións sociolaborais das persoas promotoras das Casas do maior?**

Escriba su respuesta

**30. Con que frecuencia te atopas nalgunha destas circunstancias? \***

	Nunca	Case nunca	Ocasionalmente	Case todos os días	Todos os días
<b>Con que frecuencia te sentes sobrecargada/o?</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Con que frecuencia necesitas axuda para realizar as xestións da Casa do maior?</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

**31. Estás en contacto con outras persoas promotoras de Casas do maior? \***

- Si.
- Non.

32. **Que cuestións adoitades compartir entre vós? \***

- Consellos sobre aspectos relacionados coa xestión e administración da Casa.
- Axuda para realizar tarefas burocrático-administrativas.
- Recursos informativos, formativos, materiais para o proxecto, etc.
- Apoio emocional.
- Outras

Sección 7

**Relación coa administración pública**

38. **Estás satisfeita/o coa relación coa administración pública? \***

Indica o teu grao de satisfacción cos seguintes aspectos.

	Moi insatisfeita/ o	Insatisfeita/o	Ni satisfeita/o nin insatisfeita/ o	Satisfeita/o	Moi satisfeita/o
<b>Relación coa Xunta de Galicia.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Relación co Concello no que se localiza a Casa do maior.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
<b>Acceso a información sobre procedementos, xestións, etc.</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

39. **En xeral, sénteste apoiada/o pola administración pública? \***

- Si.
- Non.

40. **Por que?**

Escriba su respuesta

41. **En que aspectos podería apoiarvos máis a administración pública?**

Escriba su respuesta

Sección 8

**Outros servizos**

46. **Ademais da Casa do maior, a túa entidade ofrece outros servizos?** (servizos de coidado persoal, sociosanitarios, atención domiciliaria, etc.) \*

- Si.
- Non.

47. **Que servizos ofrece ademais da Casa do maior?** \*

Escriba su respuesta

48. **Hai algún motivo polo que non ofrezca máis servizos? Cal?**

Escriba su respuesta

49. **Estes servizos están dirixidos ao mesmo tipo de persoa usuaria que os da Casa do maior?** \*

- Si.
- Non.

50. **A que tipo de persoa usuaria se dirixen?** \*

Escriba su respuesta

51. **Por que motivos decidiches ofrecer máis servizos ademais da Casa do maior?**

Escriba su respuesta

52. **Que servizos e actividades (complementarias á Casa do maior) están a demandar as persoas usuarias e as súas familias?**

Escriba su respuesta

53. **Pensas/pensades ofrecer máis servizos?** \*

- Si.
- Non.

54. **Cales?**

Escriba su respuesta

---

Sección 9

**Economía social**

64. **Algunha vez colaboraches ou traballaches con outra entidade da zona? \***

- Si.
- Non.

65. **De que forma? \***

- Colaboramos para ofrecer actividades e/ou servizos xuntas.
- Subcontrateina para a prestación dun servizo da Casa do maior.
- Ambas das opcións anteriores.
- Outras

66. **Que servizo/s externalizaches?**

Escriba su respuesta

67. **A Economía Social e Solidaria baséase en principios como a equidade, o traballo, a sustentabilidade ambiental, a cooperación, a non lucratividade e o compromiso coa contorna social e territorial.**

**Atendendo a estes principios, cal dirías que é o teu nivel de afinidade coa filosofía da Economía Social e Solidaria? \***

Indica o teu nivel de afinidade.

Moi baixo

Baixo

Medio

Alto

Moi alto

68. **Para terminar, gustaríache pertencer a unha entidade que agrupe a persoas promotoras de Casas do maior e outros servizos de coidado a través da cal compartir información, apoiarse, prestar servizos conxuntos, etc.?**

\*

- Si.
- Non.

## Sección 10

### Comentarios e suxerencias

#### 74. Queres comentarnos algo?

Escribe aquí as túas observacións, suxerencias ou a mensaxe que nos queiras transmitir:

Escriba su respuesta

---

## Sección 11

### Datos sociodemográficos

#### 76. Xénero \*

- Muller.
- Home.
- Persoa non binaria.
- Prefiro non responder.

#### 77. Idade \*

- De 18 a 34 anos.
- De 35 a 54 anos.
- De 55 a 64 anos.
- 65 anos ou máis.

#### 78. Nivel de estudos. \*

- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.
- Formación Profesional de Grao Medio.
- Formación Profesional de Grao Superior.
- Estudos de Grao/Licenciatura.
- Estudos de Máster/Posgrao.
- Estudos de Doutoramento.

## Sección 12

### Encontro de devolución de resultados

82. **O martes 8 de outubro realizaremos un encontro virtual onde se expoñerán os resultados obtidos nesta investigación e que nos gustaría compartir con todas as persoas que participastes neste estudo.**

**Se estás interesada/o en participar neste evento, facilítanos un correo electrónico de contacto para poder enviarche toda a información relativa ao mesmo.**


**ATOUPA S. COOP. GALEGA XUVENIL** infórmate de que os datos recollidos neste formulario unicamente serán utilizados para enviarche información acerca do proxecto: Consolidación do nexo entre a economía dos coidados e a economía social. Ao escribir na casilla, estás a dar o teu lexítimo consentimento para que os teus datos sexan tratados conforme ás finalidades descritas na Lei de Protección de Datos. Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, limitación e supresión en [atoupacoop@gmail.com](mailto:atoupacoop@gmail.com), así como exercer o dereito para presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.

Escriba una dirección de correo electrónico

## 7.2. Anexo 2. Información relativa ás Casas niño (Recursos elaborados pola Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación da Xunta de Galicia)



### CASAS NIÑO



A Coruña: 19 casas niño  
 Lugo: 30 casas niño  
 Ourense: 51 casas niño  
 Pontevedra: 6 casas niño  
**GALICIA: 106 casas niño**

■ 1 casa niño  
 ■ 2 casas niño  
 ■ 3 casas niño

7 de outubro de 2024



**INFORME PERFIL DAS PERSOAS TITULARES DE CASAS NIÑO, GALICIA:**

Na comunidade autónoma de Galicia existen actualmente 106 casas niño.

O perfil das persoas titulares destas é o seguinte:

- 105 mulleres fronte a 2 homes.
- 2 cooperativas, fronte 105 titulares persoas físicas.
- As titulacións son:

- 1 grao en Educación Primaria	- 2 Grao en Psicoloxía
- 8 Grao en Educación Social	- 43 Grao mestra educación Infantil
- 2 Grao en Pedagogía	- 43 Técnica superior en educación infantil
- 1 Grao en profesorado de EXB	- 2 Técnica especialista en Xardín de infancia
- 1 Grao mestra educación primaria	- 4 titulares só contan coa formación do diploma acreditativo do curso de capacitación da Xunta (pero son 10 titulares as que o obtiveron en total

- As idades comprenden unha franxa de 22 a 57 anos

Recóllense na seguinte táboa:

IDADES					
Unha de 22	Doce de 30	Dez de 35	Tres de 40	Dúas de 45	Unha de 52
Dúas de 25	Cinco de 31	Oito de 36	Dúas de 41	Unha de 46	Unha de 56
Dúas de 26	Sete de 32	Sete de 37	Catro de 42	Tres de 47	Unha de 57
Tres de 28	Sete de 33	Dúas de 38	Dúas de 43	Dúas de 49	
Seis de 29	Sete de 34	Catro de 39	Unha de 44	Unha de 50	

Santiago de Compostela, a 11 de outubro de 2024

### **7.3. Anexo 3. Proposta para o proceso organizativo: análise de distintas estruturas cooperativas e proposta de gobernanza (Análise realizada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop)**

**Obxectivo:** prestar servizos de xestión ás Casas do maior e Casa niño (xestionadas tanto por cooperativas como por persoas autónomas) así como *Cohousing/Vivendas colaborativas* (na súa área de atención á dependencia) para un desenvolvemento profesionalizado de trámites coa administración (axudas, xustificación de gastos, cómputos horarios, servizo de transporte, etc.).

A posteriori outras necesidades compartidas como: compra conxunta de subministracións, etc.

Na liña de desenvolver o obxectivo anterior, a proposta nace con aspiración de ser unha **iniciativa económica de natureza colectiva, acorde aos principios de democracia e participación cidadá na toma de decisións**. Facendo unha análise en detalle da iniciativa, ímonos atopar cunha serie de características que van condicionar o seu artellamento xurídico e de gobernanza:

- A co-creación e materialización da iniciativa, por persoas prestadoras de servizos de coidados.
- A xeración de dinámicas cooperativas e de participación democrática, como mecanismo esencial no desenvolvemento da iniciativa.
- Unha maior profesionalización na prestación do servizo, en base á dinamización do apoio mutuo e de procesos de colaboración e complementariedade.
- A eficiencia na xestión coa súa derivación a un servizo profesionalizado xestionado polas socias beneficiarias do mesmo.

Se esquecer os valores cooperativos que guían o proxecto:

- Adhesión voluntaria e aberta.
- Participación e xestión democráticas.
- Natureza colectiva e autoxestionaria.
- Xeración de dinámicas participativas.
- Contribución á dinamización socio-económica.
- Mellora dos servizos de atención a persoas dependentes do medio rural.

Aínda que para levar a cabo a iniciativa se poderían adoitar outras formas xurídicas, entendemos que a cooperativa é a que mellor se axusta aos obxectivos que quere acadar o proxecto, polos seguintes elementos:

- a) Permite a **participación colectiva** na súa máxima expresión, xa que o principio de entrada e saída posibilita dun xeito doado a participación de moitas persoas no proxecto.
- b) A estrutura cooperativa garante a **democracia participativa** de todas as socias na toma de decisións, respectando o principio de persoa/voto. Ao mesmo tempo establece mecanismos de participación das persoas socias en diferentes estruturas da cooperativa.
- c) Prioridade da **persoa fronte ó capital**, de xeito que a composición do capital social non limita a participación e decisión das socias.
- d) Impulsa o **desenvolvemento comunitario** mediante a capacitación permanente das persoas socias, o crecemento económico da contorna e o desenvolvemento sostible.
- e) Fomenta a **cultura da cooperación**, mediante as relacións con entidades da zona, outras cooperativas e a xeración de dinámicas cooperativas entre as persoas socias da cooperativa.

Unha vez seleccionada a fórmula xurídica de cooperativa, como aquela que pode garantir o éxito no desenvolvemento da proposta e o logro dos obxectivos, o seguinte paso debe ser a selección da modalidade de cooperativa a constituír.

Para iso haberá que dar resposta a dúas cuestións básicas:

- a) Cal é o **propósito da cooperativa**, tendo en conta os intereses comúns do colectivo de socios e socias?

Facilitar a profesionalización da prestación de servizos de dependencia, derivando a xestión de servizos e trámites administrativos e/ou doutros servizos de xestión empresarial, a un organismo especializado, xestionado polas usuarias dos mesmos.

- b) **Que é o que imos a cooperativizar** tendo en conta as características fundamentais da actividade económica a desenvolver?

O acceso a servizos de xestión profesionais e a dinamización de procesos colaborativos favorecedores dunha mellor prestación dos servizos de dependencia.

En base a isto, realizamos un análise de posibilidades dende o cooperativismo, co fin de avaliar a modalidade máis acaida para esta iniciativa:

**a. Cooperativa de servizos.**

Formada por Casas do maior, Casas niño e/ou Vivendas colaborativas (*cohousing* cooperativo) que comparten necesidades e acordan crear a cooperativa para organizar, de xeito conxunto, subministracións e servizos que lles permita mellorar a súa actividade profesional/empresa. Poden desenvolver calquera actividade económica ou social.

En cada exercicio económico, a cooperativa poderá desenvolver actividades con terceiras persoas ata un 50% do volume total da actividade realizada coas súas persoas socias.

As Casas do maior, Casas niño e/ou Vivendas colaborativas, forman a cooperativa, asumindo a súa xestión e decidindo os servizos a cooperativizar.

**b. Cooperativa de 2º grao.**

Están integradas por cooperativas da mesma ou distinta clase. Teñen por obxecto promover, coordinar e desenvolver fins económicos comúns das entidades socias, así como reforzar ou integrar a actividade económica das entidades socias.

O voto das persoas socias poderá ser proporcional ao volume de actividade na cooperativa de segundo grao e/o ao número de persoas socias que integran a persoa xurídica asociada. En todo caso, o número de votos por persoa socia non poderá ser superior ao terzo dos votos totais.

Poden formar parte outras formas xurídicas, públicas ou privadas, sempre que non superen o 25% do total de persoas socias. Co mesmo límite para o seu voto na asemblea. **Aspecto limitante**, tendo en conta que as cooperativas que prestan estes servizos, son poucas en relación co total de Casas de maior e niño, existentes

As Casas do maior, Casas niño e/ou Vivendas colaborativas, forman a cooperativa, asumindo a súa xestión e decidindo os servizos a cooperativizar.

### c. Cooperativa de traballo asociado.

As cooperativas de traballo asociado teñen por obxecto a prestación do traballo das persoas socias, proporcionándolles emprego, para producir en común bens e servizos para terceiros.

As Casas do maior, Casas niño ou Cooperativas colaborativas, serían clientes dunha cooperativa especializada que lles presta servizos profesionais, a cambio dun prezo.

Se queren participar nos procesos de gobernanza e toma de decisión -controlada-, poden formar parte dela como socias colaboradoras.

**Táboa 1.** Comparativa do papel das Casas do maior, Casas niño ou vivendas colaborativas, en cada unha das modalidades analizadas.

	Cooperativa de servizos	Cooperativa de 2º grao	Cooperativa de traballo
<b>Papel que asume</b>	Socia cooperativista	Socia cooperativista	Cliente
<b>Número mínimo de socias/os</b>	Mínimo 2 empresas ou profesionais, usuarias dos servizos da cooperativa	Mínimo 2 cooperativas de igual ou diferente clase	Poden ser socias colaboradoras (apoio ao proxecto): achegan capital e participan na toma de decisión (fidelización)
<b>Operacións con terceiros non socios</b>	Máx. 50% da actividade cooperativizada	Máx. 50% da actividade cooperativizada	Non lles afecta, identifícase co persoal asalariado
<b>Toma de decisións</b>	SI, son as entidades socias	SI, son as entidades socias	Non, ou minoritaria se son socias colaboradoras
<b>Achega de capital</b>	SI Mínimo 3.000,00 € entre todas (ningunha socia >50%)	SI Mínimo 3.000,00 € entre todas (ningunha socia >50%)	Non Agás que sexan socias colaboradoras
<b>Xestión da cooperativa</b>	SI, pero poden contratar persoal, un servizo externo ou asumila as persoas socias.	SI, pero poden contratar persoal, un servizo externo ou asumila as persoas socias.	Non, son clientes da cooperativa
<b>Nivel de participación de profesionais (persoa autónoma) ou entidades non cooperativas</b>	Pode ser socia calquera profesional ou empresa	Máximo 25% do total de socias cooperativas	Ilimitado, como socias colaboradoras, con voto limitado, ou como clientas

Podemos concluir que a proposta recomendada é a de **Cooperativa de servizos**, en base ao seguinte argumentario:

- Participación directa e igualitaria das empresas e profesionais participantes.
- Xestión e gobernanza das empresa e profesionais destinatarias dos servizos que prestaría a cooperativa.
- Posibilidade de contratar persoal técnico, por conta allea que pode ter a condición de socia de traballo.
- Aberta a calquera empresa ou profesional que comparta as mesmas necesidades de servizos especializados.
- Diversidade na oferta de servizos a ofertar ás empresas e profesionais asociadas.
- Compromiso económico das entidades participantes e beneficiarias dos servizos.
- Posibilidade de ofertar servizos a empresas/profesionais, terceiros non socias.

### **Como avanzar na posta en marcha do proxecto**

Unha vez definido o proxecto cooperativo o grupo promotor debería pór en marcha diferentes procesos participativos:

- a) Identificación e incorporación dos axentes clave, que consistiría en:
  - **Coñecer o seu posible grado de implicación no proxecto.**- para iso debemos identificar o grado de coñecemento sobre a temática, a coherencia cos valores do proxecto, e asegurar unha participación activa.
  - **Identificar e atraer aos axentes clave.**- que nun futuro poderían formar parte como socias e reforzar proxecto.
  - **Achegarnos aos ditos axentes.**- nalgúns casos, a través de reunións informativas e noutros casos de maneira directa, mediante entrevistas persoais.
- b) Unha vez chegados a este punto, deberíamos preguntarnos se temos a forza e os recursos suficientes para avanzar no desenvolvemento do proxecto.
- c) Unha vez chegados a este punto, deberíamos preguntarnos se temos a forza e os recursos suficientes para avanzar no desenvolvemento do proxecto.

- d) Nesta fase de preparación debemos traballar, en diferentes sesións, **aspectos técnicos**, tales como a descrición do proxecto, funcionamento da prestación de servizos á dependencia e a propia gobernanza, e **aspectos participativos**, tales como socialización de expectativas, cohesión grupal, composición e organización do grupo.
- e) Rematado este proceso, deberíamos acadar un equipo sólido e eficaz, capacitado tecnicamente, organizado e con confianza.
- f) Chega o momento de poñer en marcha o proxecto, e para iso haberá que traballar en catro bloques.

**1. Definición do colectivo ao que proporemos formar parte do proxecto.-**

haberá que traballar aspectos relativos a:

- Misión, visión e obxectivos compartidos.
- Organización e funcionamento.
- Xestión da información e mecanismos de comunicación.
- Acollida de novos e novas membro.
- Espazos de relación e cohesión comunitaria.
- Mecanismos de avaliación.

**2. Desenvolvemento do proxecto.-** abordando aspectos relativos á viabilidade técnica e económica, ao impacto social, ao calendario e ás fases de desenvolvemento.

**3. Identificación coa fórmula xurídica.-** comprenderá a socialización do modelo de gobernanza elixido, e o traballo nos aspectos clave para poder implantar o modelo:

- Elaboración de estatutos e regulamento de réxime interno.
- Reflexión sobre os órganos de gobernanza.
- Tipoloxía de socias e achegas.
- Incorporación dos procesos participativos ás estruturas de gobernanza.

4. **Elaboración da estratexia de comunicación.**- co obxectivo de atraer novos membros e comunicar a posta en marcha do proxecto.

Para abordar estes procesos participativos, pode ser interesante xerar grupos de traballo a partir do grupo promotor ampliado, que avanzarían nos diferentes procesos e consensuarían os seus resultados finais no grupo promotor ampliado. A modo de exemplo se poderían constituír tres grupos:

- a) **Comunidade e comunicación.**- encargado da captación de membros da cooperativa e da estratexia de comunicación.
- b) **Desenvolvemento de proxecto.**- encargado da implantación técnica e económica do proxecto.
- c) **Xurídico-Administrativo.**- encargado da constitución da empresa, do modelo de gobernanza e da viabilidade global do proxecto.